

EXEMPLAR GRATUÍTO

Os concellos da comarca preparan cadansúa liña de axudas á hostalaría

A terceira vaga da covid está en fase de remisión, axudado por estas semanas baixo estritas medidas de contención e que aínda se prolongarán ata o 17 de febreiro, en primeira instancia, aínda que o presidente xa anunciou que se relaxarán algo tralo Entroido. Mentres o virus parece controlado, agás en Guitiriz, onde vén de aparecer un gromo, a crise económica faise máis patente, en especial no sector servizos e máis concretamente na hostalaría. Os concellos da comarca están a preparar estes días os seus orzamentos nos que figuran diferentes liñas de axudas para paliar as perdas.

Endesa ameaza co peche

Presentou, sen contar coa Mesa, un informe que nega a viabilidade do uso de biocombustibles e anuncia a posta en marcha dunha planta de hidróxeno



Endesa tardou pero finalmente saíu para anunciar que as probas realizadas con biocombustibles non eran viables e que continuaba co proceso de peche da factoría. Mentres a noticia caeu con forza sobre traballadores, veciños e políticos, a firma anunciou un novo proxecto para esta vila, a creación dunha planta de hidróxeno. A idea foi moi ben acollida, en especial no Goberno local das Pontes, pero non queren tirar a toalla coa continuidade da factoría e seguen a traballar para amosar que os datos de Endesa non son certos e o procesado de biocombustibles ten futuro. **Pax. 8**

friol. Cancelan a feira do Queixo e Pan de Ousá por segundo ano. **Pax. 10**

guitiriz. Cae a Casa da Botica e buscan alternativas para os maiores. **Pax. 13**

muras. Abre un novo prazo para as axudas da luz. **Pax. 14**

castro. Adxudicadas as obras da Edar de Castro Ribeiras de Lea. **Pax. 15**

cospeito. O Concello despedirá á empresa redactora do Pxom. **Pax. 17**

begonte. A Valedora pregunta sobre o colexio de Baamonde. **Pax. 21**

comarca. Continúa a loita da Comisión de Minas. **Pax. 25**

O Entroido será virtual este ano



Os concellos optaron por concursos on line.

Guía sobre a Ruta do Batán do Batán



Foi elaborada polo grupo Roteiros da Carba. **Pax. 22**

Abadín venderá grelos por internet



O Concello creou unha plataforma de Expogrelo. **Pax. 16**

Os concellos perfilan a lista de obras do Plan Único

Os concellos mariñoas ultiman estes días os proxectos nos que investirán este ano os cartos do Plan Único da Deputación. Os concellos teñen ata o venres para dar conta das actuacións previstas, que contemplan,

como se reflicte na normativa, destinar unha parte importante ao alfartado de camiños. Ademais, haberá partidas para outras obras nas contornas rurais, para o SAF e mesmo para axudas contra a covid.

FEBREIRO, MES DEL AMOR
PACK **SEGUNDA PAREJA** EN
PROGRESIVOS ALTA GAMA
COMPÁRTELO con quién tu más quieras *

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Vilalba
☎ 982 510 100

As Pontes
☎ 981 45 15 04

NOVAS

vilalba

O conservatorio recibe unha achega de 15.000 euros

A Deputación renovará o seu apoio ao Conservatorio Profesional de Música de Vilalba, ao que destinará unha achega de 15.000 euros. Neste centro reciben formación musical arredor dun cento de alumnos e alumnas de Vilalba e doutros concellos da comarca da Terra Chá que cursan os graos elemental e profesional en diferentes especialidades instrumentais.

Esta achega está dirixida ao mantemento do conservatorio que ademais de facilitar a formación

musical a nivel individual pretende crear unha especial afección e sensibilidade de cara a cultura musical en toda a comarca.

A achega formalizarase a través dun convenio de colaboración co Concello de Vilalba, titular do centro, ubicado no edificio multiusos do Auditorio Municipal. Renovarase así a colaboración que a área de Cultura mantén co funcionamento do conservatorio, que tamén recibiu unha achega de 15.000 euros na pasada anualidade.

Entregadas dúas vivendas de promoción pública en Vilalba

A Xunta entregou dúas vivendas de promoción pública no casco histórico de Vilalba, situadas nun edificio da rúa da Roxeira no que o Instituto Galego de Vivenda Solo (IGVS) xestiona o alugueiro de seis pisos, todos eles ocupados. Os dous domicilios que acaban de ser adjudicados teñen ambos 64 metros cadrados, dous dormitorios e praza de garaxe. As promocións do IGVS nesta localidade suman 294 vivendas que rexistran plena ocupación.

Os procesos de adjudicación son constantes e cando un piso queda vacante, volve poñerse a disposición das persoas solicitantes, que deben de estar inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda

da Comunidade Autónoma.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda promoverá máis vivendas de promoción pública que contribuirán a revitalizar o casco vello vilalbés.

Están licitadas as obras de recuperación de dúas edificacións en estado de ruína situadas nas rúas Concepción Arenal e Ferrería, ás que o ente autonómico destinará preto de 400.000 euros.

Os edificios foron adquiridos polo IGVS co dobre obxectivo de facilitar o acceso á vivenda á cidadanía, especialmente en concellos como Vilalba cunha notable demanda, e contribuír á recuperación da zona histórica.

O Pleno aproba un plan de axudas para os afectados pola covid-19

O Pleno aprobou por unanimidade no seu último Pleno, crear un sistema de axudas ao sector da hostalaría e o comercio, os máis afectados pola covid-19. Nesta ocasión foi o Partido Popular o que presentou a moción para que fose aprobada pero en anteriores ocasións o Pleno aprobou implantar algún tipo de medidas que non se puxeron en marcha.

No Pleno a agrupación socialista avanzou que xa están traballando nunha liña de axudas pero que non se limitará só á hostalaría e o comercio senón tamén a todos os sectores que se perfilan no decreto. Avanzou o equipo de Goberno que pretenden destinar arredor de 320.000 euros a estas compensacións.

Os tres partidos acordaron reunirse nunha mesa de traballo nun prazo máximo de 15 días para redactar un proxecto consensuado.

No Pleno tamén se tratou a adhesión ao convenio entre a Xunta e a Fegamp para axilizar a xestión das sancións por incumprimento das medidas contra a covid-19.

Polo que respecta ao ciclo de agua, o grupo de Goberno explicou que quere regularizar a documentación da Estación de Tratamiento de Auga Potable (Etap) de Vilalba, xa que non coincide a que ten o catastro municipal coa do Rexistro da Propiedade. Solucionar este asunto é un trámite moi necesario para avanzar na regularización do ciclo da auga e no cre-

cemento do polígono industrial.

O pleno tratou tamén o proxecto de rexeneración integral do vial que comunica as parroquias de Samarugo e Corvelle. A actuación inclúe ademais darlle unha solución aos problemas de drenaxe existentes en dous puntos de vías municipais de Corvelle.

Na orde do día figuraba tamén unha actuación para a instalación de luminarias de tecnoloxía LED en Grupo la Paz e as rúas Cidade de Lugo e da Feira. Para esta obra, o Concello recibiu unha subvención de 140.148,90 euros do Instituto para a Diversificación e el Ahorro de la Energía (Idae), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica (o orzamento total dos traballos é de 175.000 euros).

Compra dun novo tractor desbrozadora

O Concello recibiu un novo vehículo para o parque móbil municipal, un tractor 4x4 con desbrozadora de brazo articulado.

O tractor, adquirido con fondos propios, realizará tarefas de limpeza e acondicionamento de vias e camiños no rural, dando resposta ademais ás demandas veciñais.

Está valorado en 106.480 euros e servirá ademais para renovar o parque móbil do concello. É un vehículo cun brazo articulado de gran alcance, o que permitirá a limpeza e eliminación de residuos en zonas onde os traballos manuais son difíciles de levar a cabo.



Guau, que rebaixas!

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

REBAIXAS

50%

ATÉ O VERÁN

En TODOS os paquetes de fibra



22€/mes
durante 6 meses

IVE e cota de liña incl. (despois 44€/mes)

Fibra 1.000 Mb

Móbil 23 GB



Chama gratis ao 900 651 679

A Xunta aproba a achega para manter o comedor da EEI

O Goberno galego colaborará co Concello de Vilalba na prestación do servizo de comedor escolar na Escola de Educación Infantil (EEI) de Vilalba, cunha achega de 31.727,50 euros, segundo o convenio autorizado polo Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e este Concello.

No marco deste convenio, a Consellería subvencionará os menús escolares de 49 comensais da EEI de Vilalba durante o que resta do actual curso 2020/21 e durante todo o curso 2021/22, que é o seu período de vixencia. Pola súa banda, o Concello de Vilalba comprométese a asumir a xestión e organización deste comedor escolar, o que abrangue a contratación da elaboración e servizo dos menús, así como o coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

Este convenio foi un dos temas tratados durante a reunión que mantivo a alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e o primeiro tenente de alcalde do concello, Rodrigo Pavón, co presidente da Xunta en xaneiro.

Na reunión, Veleiro e Pavón demandaron "axilidade" para a sinatura do convenio necesario para a xestión municipal do comedor da escola infantil. "É unha competencia autonómica pero decidimos asumila porque os pais e nais necesitan o servizo, polo que só falta activar o convenio coa Xunta", explicara naqueles intreos a alcaldesa.

Feijóo anunciou que a mediados de febreiro íase asinar o convenio, por un importe de máis de 31.000 euros, incluíndo os meses deste curso e do curso que vén, que sufragará a Xunta.

Pero non foron estas as únicas demandas que se presentaron ante o titular da Xunta.



Reunión da alcaldesa co presidente da Xunta onde se fixo esta demanda

Para o Concello é prioritaria a construción dun centro de día, unha competencia autonómica, para evitar que as veciñas e veciños teñan que desplazarse a concellos limítrofes.

A intención do Concello é utilizar parte dos terreos da estación de autobuses para o centro de día, como xa lle manifestara a alcaldesa o pasado mes de outubro.

En materia de vivenda, Feijóo salientou que o Instituto Galego de Vivenda e Solo é propietario de 3 edificacións para rehabilitar, nas rúas Concepción Arenal, Ferrería e Porta da Cima. Unha vez que se obtéña a autorización de Patrimonio, confirmou que a Xunta encargará a redacción dos proxectos dos dous inmobles e a demolición dos restantes. Por último, pedíronlle a Núñez Feijóo a reforma dos dous quilómetros da estrada LU-119, a entrada ao núcleo urbano desde Lugo, que presenta unha capa de rodadura nun estado moi deteriorado, así coma as obras necesarias para o arranxo das beirarrúas de ambas marxes. Trátase da última vía que queda por arranxar tralo proceso de transferencia de varios viais realizado no ano 2010.

"Quixemos trasladarlle estes temas de vital importancia, o centro de día, a xestión do comedor e a rexeneración do vial e as beirarrúas na rúa Galicia e Cidade de Lugo, sen perder a oportunidade de recordarlle outros asuntos, como a necesidade de incrementar a aportación da Xunta ao Servizo de Axuda no Fogar, a colaboración autonómica na ampliación do polígono industrial Sete Pontes ou as obras necesarias para o reacondicionamento e posta en valor do Mupav", engade Pavón.

EN MARCHA. No tocante ás infraestruturas, o titular do Executivo autonómico referiuse ao reforzo do firme da AG-64, que está en execución, e recordou que a Administración autonómica está á espera de que o Concello autorice a execución dunha nova parada de autobuses.

En materia económica, Feijóo destacou que Vilalba conta, xunto co Concello de Abadín, cun novo obradoiro de emprego, denominado Terra Cha no Camiño. E, no eido educativo, confirmou as actuacións de mellora previstas no CEIP Mato Vizoso, que se sumarán as recentes actuacións levadas a cabo no IES Basanta Silva e no IES Lois Peña.

O Concello organiza este ano un concurso de Entroido on line

O Concello de Vilalba convoca o concurso de Entroido 2021 para incentivar a participación veciñal. Nesta ocasión estarán prohibidos os tradicionais desfiles, polo que o Concello opta por este novo formato para manter a tradición. Para participar neste concurso establécense dúas modalidades segundo formato: Vídeo e Fotografía, coas categorías de infantil (ata 12 anos), adultos e familiar, neste caso para persoas con viventes, incluíndo parellas.

A modalidade de Fotografía consiste na presentación de fotografías coa temática do Entroido que deberán ser realizadas en calquera lugar exterior do Concello de Vilalba.

A modalidade de Vídeo consiste na elaboración dun vídeo coa temática do Entroido que deberá ter unha duración máxima de 15 segundos e pode ser en interior ou en exterior.

Para ambas modalidades terase en conta varias limitacións. Unha mesma persoa poderá participar



nas dúas modalidades (fotografía e vídeo) e en distintas categorías (infantil e familiar ou adulto e familiar) sempre que non se utilice o mesmo disfraz. Ademais, deben cumprir en ambas modalidades a normativa vixente da covid-19.

O Concello de Villaba repartirá 1.900 euros en premios e haberá un premio especial por modalidade en Facebook que corresponderá ao máis votado.

O Ceip Terra Chá promociona o queixo San Simón no comedor

O Ceip Terra Chá de Vilalba e a Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa veñen de deseñar unha campaña para a promoción deste popular queixo a través da súa incorporación ao menú do comedor escolar.

O obxectivo por unha banda é que os nenos e nenas valoren a importancia dun produto moi próximo a eles como é o queixo de San Simón, e tamén a importancia do produto local.

O convenio que firmaron consiste en que o centro comprará entre 4 e 5 queixos ao mes cos que se

elaborarán distintos platos para os usuarios do comedor. Ademais, o órgano regulador tamén doará queixos en determinados momentos do curso debido a promoción do mesmo.

O segundo obxectivo está no apoio aos queixeiros locais e facerlles ver que o mercado non se cingue exclusivamente á hostalaría.

Pero haberá tamén outras actividades complementarias no centro como elaboración de receitas, talleres didácticos sobre o queixo e catas a través do órgano Regulador do Queixo de San Simón.



ÚLTIMAS 5 VIVIENDAS DE 97 A 112 m²

Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

982 512 444 - 659 080 853
www.folgueirasinversiones.com

ELECTRICIDAD
MONCHO SANTOME



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

Vilalba Aberta quiere eximir das taxas municipais a hostaleiros, ximnasiaos e ludotecas

Vilalba Aberta vén de rexistrar unha nova iniciativa de cara ao vindeiro Pleno Ordinario da Corporación. Unha solicitude “con carácter de urxencia”, a fin de que os negocios vilalbeses afectados polas medidas de peche temporal de actividades establecidas pola Xunta, se vexan beneficiados pola execución do pago das taxas de recollida do lixo, subministro de auga e saneamento, dende o 27 de xaneiro (día de entrada en vigor da Orde Autonómica) e ata o momento no que se produza o levantamento das suspensións impostas.

A medida, sumaríase así ás exencións e bonificacións en taxas e impostos municipais, decretadas polo Concello o pasado mes de maio, cando a formación asemblearia aínda formaba parte do Goberno Municipal.

“Todas as capacidades económicas e humanas da administración deben ter como obxectivo o de para paliar os efectos da crise da

Covid-19, tamén a nivel municipal”, apuntou a este respecto o seu voceiro na corporación, Modesto Renda, quen cualificou a proposta de Vilalba Aberta como “de sentido común”, en base á orde da Xunta de Galicia publicada no DOG o pasado 26 de xaneiro, sobre as medidas de prevención contra a Covid-19, e que, tal e como lembrou, “afecta dunha forma especial e directa tanto aos profesionais da restauración e a hostalería, como aos propietarios de centros deportivos e ás emprendedoras do sector do ocio infantil.”

É por isto que chamou a seguir o exemplo de Ribadeo, onde “dende onte, os titulares dos negocios afectados poden presentar solicitudes neste sentido, pola vía dunha declaración censal ou certificado do IAE da anualidade 2021, así como dunha declaración responsable conforme o local estivo pechado durante o período que resulte afectado.”

Sete Pontes di ao Goberno que pida unha axuda para o polígono

A asociación de empresarios Sete Pontes de Vilalba vén de facer unha chamada de atención ao Goberno local para que solicite as axudas en réxime de concorrencia competitiva encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia.

Segundo lembran, o prazo de presentación remata o 9 de febreiro. Considera a asociación que estas axudas son imprescindibles xa que “é necesario establecer medidas de apoio á actividade económica a través de proxectos de investimento en materia de infraestruturas de instalacións e de servizos ás em-

presas”.

Indican que o polígono industrial de Vilalba “presenta diversas carencias e necesita entre outras cousas unha mellora da sinalización vial, tanto horizontal como vertical, acondicionamento de beirarrúas e asfalto, humanización de espazos comúns, sistemas de seguridade e vixilancia, etc”.

Afirman tamén que lles “parece moi importante” que o Concello se adhira a Concellos Doing Business Galicia, “por entre outras vantaxes, a presente orde de axudas prima cunha maior puntuación ás solicitudes presentadas por concellos acollidos a esta iniciativa”.

Baamonde recibe dúas sentenzas favorables á súa xestión como alcalde

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fallou a favor do Concello vilalbés no conflito do contrato da auga municipal e estima no recursos de apelación que foi correcta a cuantificación do canon marcado, polo que a administración local non terá que devolver a Espina Delfín, a concesionaria do servizo e demandante neste proceso, os 335.000 euros que reclamaba.

O voceiro popular, Agustín Baamonde, que ocupaba a Alcaldía cando se produxo a denuncia, fixo unha valoración moi positiva da sentenza “dando a razón ao Concello e por extensión ao anterior equipo de Goberno, polo que agora quedan liberados preto de 400.000 euros que poderán ser destinados a obras. Así, o agora concelleiro propón que estes cartos se destinen tamén a solucionar problemas no abastecemento. Así, propoñen que se dote precisamente deste servizo ao barrio de Vilate, pertencente a Lanzós.

Ademais, tamén solicitan ao equipo de Goberno que remate o alcantallado nos barrios de Guadalupe e O Xisto, en Sancovade. Segun explica Agustín Baamonde a obra está a medio facer. Na anterior lexislatura colocaron a tubaxe pero queda o remate da obra que consistía en facer unha depuradora para verter ao río. O proxecto tamén está feito polo que propón destinar os 192.000 euros do



Agustín Baamonde, ex alcalde de Vilalba

Fondo de Compensación Ambiental a esta obra de alcantarillado. “De feito é esta precisamente a función que sempre defenderon cando estaban na oposición, que estes fondos fosen para o rural”, engade.

Así mesmo, Baamonde recibiu tamén a notificación do TSXG da finalización doutro pleito interposto no seu tempo como alcalde pola aplicación da Lei do Solo, na que se impediu a unha edificación hostaleira preto do río convertise nunha vivenda particular e tamén a outra vivenda en Insua.

“Agora demostrase que a Lei é complexa e é necesario seguila ao pé da letra. Esta é a primeira vez que chega ao alto tribunal a disposición adicio-

nal terceira da lei e é un gran respaldo á xestión do departamento de Urbanismo, que sempre foi rigoroso co seu traballo”.

PLENO. Na celebración do Pleno o Partido Popular conseguiu a aprobación unánime da moción na que se pedía un plan de axudas para o sector da hostalaría e o comercio locais pero non logrou sacar adiante a súa reprobación á concelleira de feiras e mercados por “desleixo e deixamento das funcións” no relativo á organización da Feira do Capón deste ano. O outro partido na oposición, Vilalba Aberta, non se sumou á moción nun pleno moi tenso no que houbo que deixar temas para o seguinte.

Caballero afirma que nos orzamentos da Xunta non hai inversión en Vilalba

O secretario xeral do PSdeG-PSOE, Gonzalo Caballero, criticou que nos orzamentos da Xunta “non haxa un só euro dedicado a inversión directa en Vilalba”. Así, respaldou as demandas da alcaldesa Elba Veleiro, como o centro de día, a mellora da estrada de LU-119, así como “un compromiso claro coas máis de 100 per-


soas que se dedican ao Servizo de Axuda no Fogar” en Vilalba.

Pola súa banda, a rexedora de Vilalba, Elba Veleiro, urxiu á Xunta de Galicia a que “exista sensibilidade” no goberno galego para acoller as peticións de Vilalba nos orzamentos, cando “é prioridade”, por exemplo, un centro de día, xa que a veciñanza “ten

que desprazarse a concellos limítrofes para recibir un servizo indispensable”.

Ademais, pediu un “aval económico” e “orzamentos específicos” para o Servizo de Axuda no Fogar, “indispensable” a máis de 300 familias nun concello “gran dispersión” e “cunha media de idade moi avanzada”

Carne Ecológica con Certificación Craega



LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO **DIA** EN RÁBADE

Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábeda. T: 982 390 355

Continúa o programa de obras

O Concello ten en marcha numerosas actuacións en vías do rural

BELESAR. O Concello de Vilalba anuncia os traballos de renovación do firme e acondicionamento do vial que da acceso ó núcleo de Outeiro e á igrexa de Belesar, na parroquia de San Martiño de Belesar.

Concretamente, os traballos realízanse na vía de titularidade municipal que comenza na estrada provincial LU-P-6511, no núcleo de Aldea, e que discorre en dirección sureste pola parroquia de Belesar ata o núcleo de Outeiro, onde continúa ata a igrexa de Belesar na que finaliza a actuación prevista polo Concello.

Os traballos contan cun orzamento de 68.970 euros e o seu prazo de execución será dun mes. Esta intervención enmárcase no Plan Único da Deputación de Lugo.

UCEIRA. Tamén anunciaron os traballos de acondicionamento do pavimento que da acceso ao barrio de Uceira-Goiriz, no vial municipal que atravesa en dirección norte as parroquias de Sancobade e Goiriz, incluído o barrio de A Uceira, dende a estrada LU-120.

Esta vía soporta unha importante densidade de tráfico lixeiro e pesado, debido ás explotacións gandeiras e agrícolas da zona así como ós vehí-

culos de transporte destinados á explotación madeireira. As obras contan cun orzamento de 48.369 euros e un período de execución dun mes. Os traballos enmárcanse no Plan Único da Deputación.

Para a mellora e mantemento desta vía, propónse a limpeza de noiros, regularizar a súa superficie e executar unha nova capa de aglomerado. Ademais procederase á súa sinalización horizontal e vertical e habilitarase a cota dos pozos de reixtro existentes no seu percorrido.

SAMARUGO. O grupo de goberno presentou o proxecto de rexeneración integral do vial municipal que comunica as parroquias de Samarugo e Corvelle.

En concreto, esta estrada de titularidade municipal comunica a zona sur da parroquia de Samarugo coa estrada provincial LU-P-6505, na parroquia de Corvelle. Ten un percorrido lonxitudinal de 3.155 metros e un ancho medio de 3,80 metros.

O paso do tempo, a acción da auga e o intenso uso do vial que comunica as dúas parroquias provocaron o seu deterioro, polo cal resulta urxente a actuación. Por isto, a solución proposta para esta vía consiste na lim-

peza de noiros, a regularización da súa base e a pavimentación de toda a superficie con dobre tratamento. Os traballos terán un orzamento próximo aos 57.000 euros e, unha vez adjudicadas as obras, a empresa adjudicataria completará a renovación do vial e solucionará os problemas de drenaxe no prazo dun mes.

FROUXEIRA. Xa comezaron as obras para a renovación e sinalización do vial que da acceso ao barrio da Frouxeira. En concreto, os traballos son na vía municipal de 3,5 quilómetros situada na parroquia de Sancovade, que comunica a estrada autonómica LU-120 co barrio da Frouxeira e continúa en dirección aos barrios de A Teixeira, Padronelo e O Cotarón.

Os traballos, orzamentados en 103.000 euros, terán un período de execución dun mes e serán financiados íntegramente con recursos propios do concello a través do remanente municipal. Para a mellora e mantemento de esta vía procederase á limpeza de noiros, regularización da súa superficie e a execución dunha nova capa de firme de rodadura de cinco centímetros de espesor. Tamén se procederá á súa sinalización horizontal e vertical.



Acceso ao barrio de Uceira

CAMPOMAIOR. Procederán tamén á renovación do alumeneamento en Campomaior, na parroquia de Samarugo. A intervención implicou o renovación das antigas lámpadas por dispositivos LED.

Concretamente, realizouse a substitución dos 14 puntos de luz de sodio de 70 W que había no núcleo, por novas lámpadas LED de 40W. Así, durante as cinco primeiras horas de actividade, as lámpadas traballan ao 100% da súa capacidade. Despois, reducirán a carga de traballo ao 75% e a continuación, ao 50%. A partir das 6 da mañá, os dispositivos recuperan o rendemento do 100%.

OLEIROS. Comezaron as obras de pavimentación e sinalización dos accesos á parroquia de Oleiros nun vial

de dous quilómetros, cun orzamento de 71.400 euros que saíran de fondos propios do Concello de Vilalba e do Agader.

As obras de acondicionamento e mellora realízanse en concreto sobre o vial municipal que atravesa en dirección Noroeste-Sureste as parroquias de Sancovade, Noche e Oleiros, ata rematar na estrada de titularidade provincial LU-P-6510.

Os traballos consisten na limpeza de noiros, procedéndose á retirada da terra vexetal acumulada en beiravías, regularización e pavimento aglomerado, cunha capa de aglomerado en quente en toda a superficie da estrada a causa do estado actual da mesma, e sinalización, colocándose sinais de STOP e pintando marcas lonxitudinais continuas nos bordes da calzada.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

HR
*Hijos de
Ramón Rubal*

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

Convocan o concurso de Entroido virtual das Pontes

O Concello das Pontes segue buscando alternativas á situación sanitaria e organiza un concurso de entroido nas modalidades de vídeo e fotografía. En cada modalidade haberá 4 categorías: xermolos (nenos e nenas de ata 8 anos), nabizas (rapaces e rapazas de ata 12 anos), grelos (persoas adultas a partir de 13 anos) e mada (unidades familiares integradas por un mínimo de 3 persoas). Dentro das categorías nabizas e grelos, as persoas interesadas en participar poderán facelo en individual ou parellas conviventes.

Para participar na modalidade de vídeo haberá que gravar un vídeo, nun lugar exterior recoñecible do municipio, dun máximo de 10 segundos de duración. No caso de participar na categoría de fotografías será necesario achegar catro imaxes.

Tanto os vídeos como as fotografías deberán enviarse por WhatsApp ao teléfono 673240434 ou ao correo electrónico turismoaspontes@gmail.com cos datos da persoa inscrita no concurso e os nomes das persoas participantes. Serán publica-



das nas redes sociais.

Un xurado profesional será o encargado de valorar os disfraces tendo en conta aspectos como a orixinalidade, o vestiario, a maquillaxe, a calidade musical, a coreografía así como o desenfado na interpretación dos disfraces para premiar ás catro mellores madas con 300€, 250€, 180€ e 110€. As persoas que participen nas categorías grelos e nabizas optarán a premios, en ambos casos, de 180€, 160€, 140€ na categoría individual de 280€, 220€ e 180€ no caso parellas. Todos os xermolos recibirán un agasallo. Haberá ademais 10 accésit de 50 euros e o xurado gárdase o dereito a conceder un premio especial ao vídeo máis orixinal e vangardista, premio valorado en 300 euros.

Adxudican o servizo de Atención Temperá a catro empresas locais

A xunta de goberno local do Concello das Pontes adxudicou o contrato do servizo de atención temperá, cun orzamento de 57.000 euros, a catro empresas locais que prestarán os servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía r días á semana, un total de 15 horas semanais, nas instalacións dunha clínica médica.

A empresa Su Formación encargárase do servizo de logopedia e Lorena Vilaboy, desde o ámbito da terapia ocupacional, intervirá nos aspectos relacionais, lúdicos e funcionais. O servizo de psicoloxía será prestado pola empresa Eume Saúde e estará orientado a ofrecer unha atención integral en todas as áreas do desen-

volveramento da poboación infantil, A totalidade dos servizos prestaranse nas instalacións do centro médico Cemo Saúde, adxudicatario do contrato de alugueiro do servizo de atención temperá.

O servizo de atención temperá está dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos que durante período pre, peri ou postnatal, estiveran sometidos a situacións que puidesen alterar o proceso madurativo, como pode ser a prematuridade, baixo peso, a anoxia ao nacer, ou calquera outro factor ou signo biolóxico de risco, así como a menores que presenten retardo ou calquera factor ou signo de discapacidade.

O Concello lanza unha nova liña de axudas para a hostalaría

O Concello das Pontes, a través das áreas de Industria e Comercio e Hostalaría, lanza unha convocatoria de axudas directas dirixidas ao sector hostaleiro local, orientadas a contribuir a sufragar a perda de facturación provocada polo peche perimetral do municipio durante o período comprendido entre o catro de decembro de 2020 e o catro de xaneiro do presente ano.

Ana Pena, concelleira responsable de Industria, apunta que "son momentos duros que esixen todos os nosos esforzos e temos que acompañar ao sector máis que nunca e esta é a primeira convocatoria dunha liña de axudas, cunha cota fixa de 600 euros, para as que o Concello prevé destinar un total de 100.000 euros e que se suman aos 340.000 euros do plan municipal de reactivación económica e laboral (APREL II 2020) destinado a paliar o impacto económico, social e laboral derivado da crise sanitaria provocada pola COVID 19 sobre as persoas autónomas e mi-



croempresas do municipio que durante o confinamento do ano 2020." Por medio desta nova liña de axudas, o goberno local ten como obxectivo axudar ao sector hostaleiro local a manter a súa actividade, evitar a destrución de emprego, garantir o tecido empresarial e minimizar o impacto económico da covid-19

Elena López, concelleira de Comercio e Hostalaría, apunta que " a

hostalaría é un dos sectores máis castigado pola pandemia, situación agravada no noso concello polo peche perimetral do mes de decembro, un período de alta demanda no sector. Estamos ante unha situación de extraordinaria complexidade para o mantemento do emprego e o sector precisa da nosa implicación para facer fronte á incerteza que ameaza ao sector".

Renovado o compromiso na loita contra a violencia de xénero

O Concello asinou, a semana pasada, a renovación do acordo interinstitucional para a coordinación das actuacións en materia de loita contra a violencia de xénero en As Pontes e que garante a coordinación das distintas institucións e entidades implicadas na intervención e apoio nos casos de violencia de xénero.

Tania Pardo, responsable da área de Igualdade do Concello das Pontes remarca a importancia deste acordo asinado xa que "a violencia contra as mulleres é un dos principais problemas na nosa sociedade, supón un serio atentado

contra a súa dignidade e, en consecuencia, unha grave violación dos seus dereitos e conleva graves secuelas, tanto físicas como psicolóxicas. As institucións públicas debemos poñer en común todos os medios persoais e materias dos que dispoñemos para proporcionarlle unha atención de calidade e loitar de maneira firme conta a violencia de xénero, establecendo unhas pautas de actuación homoxéneas que garantan a protección integral das mulleres e das súas fillas e fillos"

Este acordo institucional, asinado pola Unidade de Coordinación

contra a Violencia sobre a muller do Goberno de España, as concellerías de Benestar, Igualdade e Seguridade Cidadá das Pontes, a Policía Local e Garda Civil, o centro de saúde do municipio, o colexio da avogacía de Ferrol, a oficina de emprego os centros educativos da localidade, ten como obxectivo prioritario garantir, ás persoas que sofren violencia de xénero, en calquera das súas manifestacións, unha resposta axeitada a súa situación, marcando pautas de actuación homoxéneas que garantan unha atención de calidade e unha intervención integral.

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com
PRONTO VOLVEREMOS

Asesoría Enerxética Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Estudan a rendabilización dos recursos forestais

O Concello das Pontes, a través da empresa local Intacta, avaliará os recursos forestais no municipio e nunha contorna de 100 quilómetros co obxectivo de coñecer a súa dispoñibilidade de cara a súa explotación. A empresa local, xunto cun socio tecnolóxico, deseñou un modelo matemático, que emprega información de satélite e imaxes espectrais, que permite a través de diferentes algoritmos, extraer información sobre a dispoñibilidade bruta de matogueira, frondosas, coníferas, principalmente piñeiro, e eucaliptos así como a localización e posición na que se atopan os recursos.

Ana Pena, responsable da área de industria apunta que “As Pontes localízase no ámbito forestal máis importante do noroeste peninsular, o último inventario forestal é do ano 2010, realizado con datos anteriores, este modelo matemático permítenos realizar unha valoración rápida e a baixo custe das existencias, a día de hoxe, de este tipo de biomasa na nosa contorna e coñecer realmente os recursos dos que dispoñemos e, deste xeito, poder brindar a futuros inversores unha estimación real dos recursos forestais”.

Este modelo, co que xa se realizaron



diversas estimacións nos ámbitos da contorna do lago e a escombeira e para calcular o recurso bruto nun radio de 25, 50 e 100 quilómetros, ademais de permitir coñecer a dispoñibilidade actual da masa forestal contempla unha serie de actualizacións que permitirán avaliar a evolución do inventario, ben polo propio crecemento dos recursos, polo xurdimento de novas plantacións ou polo decrecemento da biomasa por enfermidades, talas, incendios forestais ou a creación de infraestrutura. Héctor Dopico, de Intacta, sinala que “todos estes datos están enfocados a buscar o rendemento industrial da masa forestal dispoñible pero tamén poderían ser de utilidade para determinar capacidades de retorno económico por fixación de dióxido de carbono e mesmo para a conservación de recursos hídricos”.

O III programa de emprego logra a inserción do 45%



Entrega de diplomas do Programa Intergrado de Emprego

A terceira edición do Programa Integrado de Emprego permitiu a inserción laboral do 45% do seu alumnado, que na actualidade se atopa traballando en empresas privadas con contratos laborais que superan os tres meses de duración. Ao abeiro deste programa, no que participaron 100 persoas dos concellos das Pontes, A Capela e Xermade, foron 62 as que lograron un contrato de traballo, tanto no ámbito público como privado.

As insercións laborais realizáronse en ámbitos cunha ampla demanda de persoal por parte do tecido industrial e comercial do municipio, estando, maioritariamente, relacionadas co sector loxístico, alimenta-

rio, limpeza, enerxías renovables, mantemento, xeriatría e coidado de menores, entre outros.

A concelleira da área de emprego, Ana Pena, amosou na entrega de diplomas dos cursos realizados durante o último trimestre, a súa satisfacción polas cifras de inserción logradas. “Un ano máis, superamos o noso obxectivo de inserción fixado para o Programa Integrado de Emprego das Pontes. Os datos confirmannos que debemos continuar apostando pola formación, vencellada ás demandas do tecido laboral do municipio e a comarca, para mellorar a empregabilidade e a situación laboral da veciñanza que se atopa na procura de emprego.

EN BREVE

CONFINADOS. O Concello reactiva o servizo de entrega de alimentos e medicamentos a domicilio. As persoas que se atopen nesta situación (confinadas e sen rede de apoio familiar ou de amizades) poden poñerse en contacto co departamento de Benestar Social, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas.

CURSOS. O IES Plurilingüe Castro da Uz acollerá este mes varios cursos para os que o prazo de inscrición está aberto. Un será sobre operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos, de nivel I e de 328 horas de duración. Tamén haberá outro de fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial de nivel II e de 608 horas. As inscricións poden facerse na Oficina de Emprego ou mesmo informarse no 881 930 001 ou no centro.

RETO LECTOR. A Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco inicia unha nova edición da iniciativa O Reto Lector. Os veciños e veciñas que desexen unirse a esta iniciativa, que chega xa á súa quinta edición, deberán ler, no caso do público infantil, 12 títulos mentres que o público adulto (a partir dos 14 anos) deberán leer 14 libros do catálogo de fondos bibliográficos da Biblioteca Municipal.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Endesa anuncia o peche e aposta por unha planta de hidróxeno

Endesa construíra nas Pontes a súa maior planta de hidróxeno en España, con 100 MW de potencia, e seis parques eólicos, con outros 611 MW, por un investimento total de 738 millóns de euros, tal e como anunciou na Mesa de Transición Xusta. A planta levantarase nunha superficie próxima á súa central na localidade e na obra, entre xaneiro de 2023 e decembro de 2024, traballarán unhas 120 persoas.

A empresa fixo este anuncio días despois de comunicar que os resultados das probas realizados con biocombustibles e lodos eran inviables, unha conclusión que levantou moitas protestas xa que a empresa fixo esta comunicación en solitario e sen consultar co resto de membros da Mesa.

Endesa quixo desvincular este anuncio co peche da central anunciando que son proxectos diferenciados.

Malia así, para Endesa, este é agora o proxecto de futuro aínda que seguen a negociar cos expertos a prolongación da vida da central.

Mentres tanto, administracións e

sindicatos apostan polos biocombustibles como futuro inmediato da fábrica e entenden que deben centrarse en darlle viabilidade económica a este proxecto ou mesmo que atope un inversor que o faga.

Foron moitas as voces que se alzaron mentres Endesa permanece en silencio sobre as probas realizadas unha vez que fixo público os resultados negativos.

HIDRÓXENO. Así, anuncia que neste proxecto de futuro investirá 127,2 millóns nun gran electrolizador para fabricar hidróxeno.

A instalación das Pontes terá unha produción anual de 10.000 toneladas, cun funcionamento do electrolizador de 5.800 horas, equivalentes a nove meses. A produción de hidróxeno renovable evitará a emisión á atmosfera de 37.758 toneladas de CO2 por ano, e o aforro de enerxía primaria estímase en 18.640 toneladas equivalente de petróleo por exercicio.

A compañía avisa de que o proxecto é unha iniciativa que carece de

viabilidade comercial polo estado do mercado e da tecnoloxía, razón pola que precisa apoio público; de feito, xa solicitou fondos europeos para garantir a súa viabilidade. Neste sentido, o Goberno anunciou axudas por 1.500 millóns para hidróxeno ata 2023.

PARQUES EÓLICOS. En paralelo a estes traballos, entre xullo de 2023 e decembro de 2024, Endesa levantará nas proximidades das Pontes seis parques eólicos que sumarán 611 MW. A construción xerará 1.600 empregos durante eses 18 meses, cun investimento de 611 millóns, o que eleva o investimento total do proxecto ata os 738,2 millóns.

Aproveitarase a enerxía eléctrica dos parques eólicos vinculados para transformar auga en hidróxeno por medio de electrólise. A instalación contará tamén con sistemas de almacenamento, así como de distribución, do combustible resultante. É dicir, Endesa producirá o combustible e ocuparáse da súa loxística e transporte.



Vista da fábrica das Pontes, ao lado da localidade

A planta de hidróxeno situará As Pontes nun dos focos do proceso de transformación que está a vivir o sector enerxético, xa que o proxecto será unha referencia internacional polo combustible, polo tamaño e pola tecnoloxía.

A elección das Pontes inscribíse no Plan Futur-e, o paquete de medidas que Endesa aplicará para mitigar o cesamento de actividade na central térmica de carbón, que negocia co Goberno central, a Xunta de Galicia e os sindicatos. Estes últimos defenden que a térmica podería recon-

verterse para consumir biomasa, mentres que Endesa considera que é económica e ambientalmente inviable.

As Pontes, ademais, posúe os recursos naturais (auga e vento), as infraestruturas enerxéticas e a cultura industrial necesarias. O proxecto forma parte da vintena de iniciativas para o desenvolvemento do hidróxeno verde en España que Endesa presentou o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, entre as que destacan as destinadas ás illas Canarias e Baleares.

“Os técnicos seguen defendendo que ten viabilidade económica”

Ana María Pena Purriños é concelleira de Industria nas Pontes

Como é posible que se valoren de forma tan diferente os datos das probas con biocombustibles?

No momento no que Endesa pon de manifesto a intención de deixar a planta das Pontes sae á luz a posibilidade dunha actividade alternativa coa incineración de biocombustibles. Se forma un comité técnico, onde se inclúen tres técnicos que representan a cada unha das administracións involucradas, a Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición o propio Concello e os técnicos de Endesa. O que se acorda nesta mesa técnica é avaliar conxuntamente esa alternativa de incineración de biocombustibles na central térmica así como as probas que se ían facer para estudar a viabilidade. Unha vez que rematan as probas Endesa sáltase o procedemento xa que antes de saír a facer público o informe tiña que ter pasado pola mesa técnica, onde tamén están presentes as administracións. Así, o que fixo foi presentar as súas valoracións individuais, que non foron consensadas co resto dos técnicos. Endesa pon de manifesto que hai distintas circunstancias que fan inviable técnica, económica e medioambientalmente a incinera-

ción de residuos na central pero é unha opinión que non é compartida polos técnicos das administracións que seguen defendendo esa viabilidade existe. E que se hai algún parámetro que actualmente non se cumpre son cousas sinxelas de solucionar que requiren dunha inversión mínima. Chegados a este punto, volvéronse sentar na mesa co comité técnico, avaliaron as posicións e agora Endesa ratificou que a parte ambiental que amosan os técnicos das administracións pode ser salientable, pero no resto entende que non. Como as administracións presentamos uns proxectos de viabilidade, acordouse facer unha valoración económica deste proxecto e si economicamente é viable, Endesa comprometeuse a poñelo en marcha ou facilitar que se poida buscar outro operador que o poña en marcha.

En que punto estades agora?

O que estamos facendo agora é rematar a valoración económica desta proposta. Ver si na reunión entre todas as partes se demostra e conclúe esa viabilidade económica ou non, que loxicamente existe esa posibilidade.

Como valorades a contraoferta de facer unha planta de hidroxeno?

Nós, loxicamente todo o que sexa actividade industrial para o municipio a valoramos de forma positiva. Non é unha contraoferta en si, quedou claro na mesa de transición xusta, que tanto por parte do Ministerio como da Xunta de Galicia, como polo Concello, tamén Endesa o ratificou de que se vai seguir estudando a viabilidade da central térmica e que o proxecto de hidroxeno, se se demostra a viabilidade económica, será complementario. Ao final, a incineración de biocombustibles, somos conscientes de que moi dificilmente vai chegar a cubrir o cen por cento da actividade que tiña a central térmica de carbón. Entón, paliar o cese de xeración eléctrica con carbón require de varias actuacións complementarias. A planta de hidróxeno, con boas noticias, podería ser para nós unha actividade complementaria. Quero dicir que non é condicionante. Se finalmente a actividade con biocombustible non é viable non é condicionante para que proxecto con hidróxeno tamén saia adiante.

Estades loitando para que non se



Ana María Pena Purriños

marche Endesa, sería un golpe forte para a economía do Concello?

Para o Concello, aparte de economicamente, (un tercio do orzamento municipal vén derivado da actividade da central térmica de Endesa), loxicamente é un pau importante en varios frontes, por un lado, na parte económica, na que depende os propios presupostos municipais e polo tanto dos servizos que se poden prestar aos vecinos e veciñas do municipio; e por outra parte na economía e no ámbito laboral dos veciños das Pontes e dos concellos limítrofes. É un pau importante porque hai, agora mesmo, preto de 200 persoas que teñen a súa actividade laboral nas auxiliares de Endesa, hai 150 transportistas tamén vinculados con transporte do carbón e ademais

está a plantilla directa. Se ben é certo que Endesa non plantexa despedimentos, serían trasladados a outros territorios, co cal, tamén sería un impacto importante, tanto no ámbito poboacional como económico para a vila. Todo isto leva aparelado unha parte de perda económica que se traduciría no comercio, na hostalaría, etc.. e que redundaría no só no municipio das Pontes senón tamén en moitos municipios da contorna.

Que lle di o Concello á empresa?

Dende o Concello, entendemos que Endesa ten que ofrecer alternativas, que todas as alternativas industriais son ben acollidas e todos aqueles proxectos que poidan ser postos en marcha nas Pontes van ser apoiados.

As Pontes aproba en Pleno os proxectos do Plan Único

O Pleno das Pontes aprobou, cos votos a favor do grupo de goberno e a abstención do BNG, PP, Xuntas por As Pontes En Común, os proxectos financiados pola Deputación da Coruña, a través do Plan de Obras e Servizos (POS), e que suporán un investimento de 2.446.493 millóns de euros.

A achega da Deputación da Coruña inclúe tres partidas, unha de 479.004 euros correspondente á achega provincial do ano 2021, outra correspondente á achega do 2020 cunha contía de 1.183.428 euros e unha última partida de 588.556 euros correspondente ao POS Complementario 2021, que permitirán executar 13 proxectos que seguen a folia de ruta marcada polo goberno municipal para mellorar a calidade de vida da veciñanza e renovar e ampliar os servizos públicos do municipio.

A través da achega provincial 2021 para o financiamento e subministracións vanse a levar a cabo 3 actuacións entre as que se atopan a mellora de servizos e pavimentos na Avenida da Pardo Bazán (fase inicial) cun orzamento de 356.124 euros, tamén se executará a reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana (entre os números 57 e 60), proxecto valorado en 92.880 euros e levarase a cabo a reparación da capa da rodadura nos viales do Couce e o Castro, un orzamento de 30.000 euros.

Por outra banda, da asignación da achega do ano 2020 destinaranse 14.450 euros para pago a provedores e 569.608 euros ao proxecto básico de execución e reurbanización Praza de América. Desde o grupo de goberno apunta que “este proxecto permitirá



A aprobación do Plan Único fíxose en sesión plenaria

levar a cabo a ansiada, necesaria e desexada intervención da praza, dándolle prioridade ao lecer e a convivencia, e que nos permitirá rematar coa renovación do centro urbano”

O Pleno municipal tamén aprobou o POS Complementario, con 588.556 euros que se destinarán a nove actuacións entre as que se atopan a renovación de pavimentos e mobiliario urbano na Avenida das Campeiras cun orzamento de 169.643 euros así como á mellora de servizos e pavimento do Poboado da Fraga (fase IV), cunha partida de 162.244 euros e a mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da Rúa Rego do Muíño por 155.670 euros.

Unha partida de 116.145 euros destinarase ao proxecto básico e de execución de renovación de pavimento e melloras de utilización na Rúa Real ((1ª fase) e outra de 233.904 euros irá encamiñada á mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia (fase IV) e 103.134 euros irán destinados ao proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos na Rúa A Balsa (fase 1ª)

Investiranse 139.823 euros na mellora de servizos e pavimentos na Avenida de Lugo (entre os números 21-45), reporanse as capas de rodadura nos viais no Ramallal, O Caxado e A Castiñeira por 57.357 euros e adícaranse 98.808 euros á reposición e mellora de firmes en viais municipais na parroquia de San Xoán do Freixo (As Lamelas, Pazos e Serrón).

POS + ADICIONAL. O Pleno tamén aprobou, cos votos a favor do PSOE e o PP e a abstención do BNG e Xuntas por As Pontes en Común, o POS ADICIONAL 2021 para gastos extraordinarios do exercicio 2021, por valor de 290.305 euros, que serán empregados para gastos da área de servizos sociais tales como emerxencia social, escolarización, epi's para profesionais e persoas dependentes usuarias de servizos sociais, o banco de alimentos ou “calquera outra medida que desde o departamento de Benestar Social se considere imprescindible e urxente para atender ás persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade” apuntouse desde o goberno local para Galicia.

O Concello adxudica as obras da avenida de Ortigueira e comezan as da rúa Roseiras



A avenida Ortigueira antes do comezo das obras

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes adxudicou a primeira fase das obras de mellora de pavimentos e servizos da avenida de Ortigueira, no tramo comprendido entre a avenida de Villalba e a rúa do Concello.

O proxecto, cun orzamento de licitación de 140.382,28 euros a cargo da Deputación da Coruña, permitirá a eliminación do desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como a mellora dos servizos de iluminación e saneamento. Entre os traballos previstos inclúense o retranqueo dos farois e sinais de tráfico, a demolición da beirarrúa e o bordo así como a demolición e o fresado do firme existente. O afirmado da zona de rodadura e aparcamentos realizarase mediante formigón bituminoso cun acabado impreso e a beirarrúa peonil realizarase con baldosa de cor.

Procederáse, así mesmo, á instalación de sumidoiros e a separación da rede de pluviais da rede de saneamento. En canto á instalación de iluminación pública inclúese a execución de arquetas, da canalización eléctrica, a tirada de cable eléctrico, colocación de novas lumi-

narias e a retirada dos farois existente ademais, nos pasos de peóns instalaranse captafaros LED e sinais de paso luminosas. As obras finalizarán coa instalación de papeleiras, xardineiras e bancos.

RÚA ROSEIRAS. O Concello iniciou as obras da renovación integral da rúa Roseiras, localizada na contorna da Cal da Avelaíña.

O proxecto, cun orzamento de 166.463,89 euros e financiado pola Deputación da Coruña, contempla a renovación e ampliación dos pavimentos peonís para facelos accesibles, executándose cunha laxa hidráulica prefabricada.

O pavimento para a calzada igualarase á cota das beirarrúas peonís. Asemade levarase a cabo a renovación do servizo de saneamento, colocando dous novos colectores con tubos de PVC e executaranse pozos de rexistro e novas acometidas ás vivendas. A rede de drenaxe separarase da de saneamento, coa construción de novos pozos de rexistro.

Eliminaranse os farois existentes, así como a canalización eléctrica actual, executando unha nova.

Alumnos do Ceip Magdalena reciben un premio da RAG

Olla a Palabra do Día xa ten gañadores. Case un cento de proxectos concorreron ao concurso creado dende o Portal das Palabras o pasado outono para premiar a creatividade e o enfoque conceptual dos máis novos. Dos oito proxectos premiados, un deles foi o do Ceip A Magdalena.

O concurso, convocado coa colaboración do colectivo docente Galiza Visual, foi posto en marcha co dobre propósito de divulgar o léxico galego e potenciar ao mesmo tempo a creatividade, a capacidade de síntese e a aprendizaxe de conceptos mediante o chamado pensamento visual. Os centros participantes asu-

miron o reto de lles poñer imaxes ás palabras do día dunha ou varias semanas do pasado mes de outono, dedicadas ao Día da Nena, o Samaín, a protección ambiental e o protagonista das Letras Galegas 2020, Ricardo Carballo Calero.

O colexio das Pontes recibiu o segundo premio na categoría Primaria 1, e foi para o curso 1ªA, con Eva María Blanco Bermúdez como titora, que soubo expresar en imaxes conceptos plenamente abstractos arredor do Samaín como tebra ou medo.

Os galardoados recibirán lapis, rotuladores, cadernos e materiais para o debuxo adaptado a esta etapa.

NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales





MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y BANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES
TEL: 982 511 200 - FAX: 982 511 200
WWW.CONSTRUFER.COM

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200



Vista aérea do polígono de Friol

Santos pide á Deputación que abarate as parcelas do polígono

O alcalde José Angel Santos, xunto co resto da Corporación Municipal solicitou á Deputación que “dunha maneira inmediata” reduza o prezo das parcelas do polígono de Friol.

“Unha das maiores preocupacións da poboación nestes intres que estamos a sufrir, son a pandemia producida polo covid-19 e o emprego que, se cabe a día de hoxe, teñen aínda unha relación máis directa. Así pois, contribuír ao asentamento de novas empresas que poidan crear emprego no territorio onde establezan a súa actividade debe ser un dos obxectivos máis impor-

tantes a ter en conta por parte das administracións públicas”, explica o alcalde José Ángel Santos.

A parte das medidas que adoptou o Concello no seu momento, estiman que o prezo das parcelas que aínda están a venda é “desorbitado e inxustificado, sobre todo, vendo a situación económica que estamos atravesando, uns prezos que para nada axudan ao impulso que precisan os parques empresariais de titularidade provincial, tratando de conseguir o obxectivo para o que foron creados, asentar tecido empresarial e industrial no territorio”.

O Concello saca unha liña de axudas para hostalaría e comercio

Toda a hostalaría e o comercio do municipio de Friol beneficiaranse de axudas económicas. Trátase dunha axuda directa de 1.000 euros ao sector hostaleiro e outra segunda partida vai enfocada aos demais establecementos, que terán bonificadas a totalidade das taxas municipais do primeiro trimestre deste ano.

Debido ás restricións que se están levando a cabo para intentar facer fronte á epidemia da covid-19, varios negocios están a ver reducidos, ou mesmo anulados, os seus ingresos.

Este primeiro paquete de medidas que se vai aplicar, consiste na bonificación do cen por cento das taxas municipais do primeiro trimestre de este ano 2021, para todos os establecementos coa súa actividade asentada no municipio friolense.

Ademais, para axudar aos negocios de hostalaría, que están sendo os máis afectados en estes momentos, habilitaranse fondos por valor duns 30.000 euros, cos que se subvencio-

narán de forma directa, con 1.000 euros, a cada establecemento de esta categoría que teña a súa actividade no municipio, independentemente que estea na capitalidade ou en calquera das parroquias.

Dende o Concello de Friol queren “intentar paliar os danos económicos que se derivan desta situación de restricións e axudar aos negocios do seu municipio, trátase dunha primeira fase de medidas que se aprobarán nos vindeiros días, ao cal se poderán acoller todos os interesados en breve”.

Nos vindeiros días publicaranse as bases onde se informarán aos interesados pertencentes ao sector hostaleiro como proceder para acollerse a dita axuda, respecto aos demais negocios, non será preciso xestión algunha por parte dos mesmos, dado que a bonificación das taxas municipais executarse de maneira automática no primeiro recibo deste trimestre.

O equipo de Goberno, dirixido por José Á. Santos, nestes momen-

tos considera “necesario axudar aos autónomos e empresarios do pobo, polo que se decidiu habilitar unha primeira liña de axudas económicas directas a todos eles, e dunha maneira máis directa aos do sector hostaleiro, dado que está sendo o máis afectado, unha vez avancemos no tempo e vaimos vendo si mellora a situación ou non, valoraremos activar unha segunda liña de apoio”.

“O alcalde móstrase sensible aos problemas económicos que están a sufrir especialmente estes dous sectores, destacou a importancia da iniciativa e pensa que é un momento moi duro para toda a sociedade, pero especialmente complicado está sendo para o sector da hostalaría, polo que creemos que dende o Concello debemos apoialos poñendo o noso gran de area para que os negocios que temos no municipio non se vexan tan afogados economicamente e tamén para tratar de evitar o peche dalgún deles”, conclúe.

Cancelan de novo a Feira do Queixo e Pan de Ousá

“Por seguridade de toda a poboación, e especialmente dos veciños e veciñas do municipio”, o Concello de Friol decide cancelar a súa maior Feira, que este ano se celebraría o día 21 de marzo

Vendo os acontecementos que se están a suceder e o nivel de contaxios que se están producindo nas últimas semanas en toda a Comunidade, o Concello de Friol decidiu, por seguridade sanitaria da poboación de Friol principalmente, e por suposto por seguridade dos centos de persoas que se poderían xuntar na súa recoñecida e afamada Feira do Queixo e Pan de Ousá, que o mellor sería pospoñer, por segundo ano consecutivo, a celebración da citada Feira.

Outro motivo que leva ao Equipo de Goberno a tomar esta difícil decisión, é o descoñecemento do nivel de restricións que estarán impostas

en esa data. E tendo en conta que é un evento que precisa de varios meses de organización para que todo saia como debería, non se pode esperar ata finais de este mes de febreiro para decidir se se leva a cabo ou non.

O alcalde Jose Ángel Santos lamenta ter que decidir de novo esta cancelación, posto que afectará negativamente a moitas familias do municipio, pero considera que “non podemos arriscarnos, dada a situación sanitaria que estamos a vivir, e que levamos case un ano sufrindo, a organizar un evento de estas características e que desfagamos todo o que levamos conseguido ata o de agora, ademais de que chegada a data, que sería o día 21 de Marzo, debemos ter en conta que pode ser que o nivel de restricións non nos permita realizar este tipo de eventos”

Instálase unha lavandaría industrial na zona das naves de negocios

O Concello de Friol vén de adjudicar un módulo do viveiro de empresas a unha nova lavandaría industrial.

Esta adjudicación foi para a empresa Lavandería Boton, SLU, a cargo de Francisco Carballal Sánchez. Dará servizo de lavandaría industrial a empresas de todo o noroeste de España con un volume considerable de prendas téxtiles que precisen limpar, como poden ser restaurantes, hoteis, clínicas, hospitais, cafeterías, residencias, etc.

É un logro de gran importancia conseguir esta nova empresa se decantara por Friol para asentar a súa actividade, sobre todo importante para a poboación de Friol, xa que se trata de materializar o obxectivo de acercar empresas que poidan xerar riqueza e postos de traballo no municipio.

En este caso, e segundo estimacións da propia empresa para contratar



Nave ocupada pola lavandaría

man de obra necesaria para desenvolver as actividades serían axudantes, operarios de secadoras e máquinas de pranchar, procesador de lavado e oficial administrativo, en total inicialmente prevén necesarios entorno a 5/6 traballadores.

A nave do viveiro adjudicada en este caso era a única que estaba baleira en estes momentos, xa que as outras tres das que dispón o viveiro de empresas do Concello están sendo empregadas por tres empresas, con esta nova incorporación e sumando dúas novas empresas que nestes momentos están executando as

obras das naves onde se van instalar, o polígono empresarial conta con catorce empresas asentadas.

O equipo de Goberno capitaneado polo alcalde José Á. Santos insiste en seguir potenciando o Polígono Industrial e en particular o seu viveiro de empresas xa que “isto supón que novas empresas se acheguen e asenten inicialmente a súa actividade para que logo se consoliden no propio polígono empresarial, con todos os beneficios que isto supón para o municipio, sobre todo, polos postos de traballo que pode xerar para a nosa veciñanza” engade o alcalde.

Un equipo ao lado de quen máis o necesita

O Concello de Friol atendeu a máis de 1.000 persoas dende o departamento de Servizos Sociais



Á esquerda, as catro integrantes do novo Servizo de Atención Temperá e, á dereita, Iria e Julia traballando con dous nenos nas instalacións do Centro Sociocultural

O Concello de Friol segue apostando polos cuidados como ferramenta fundamental para o crecemento e a prosperidade da sociedade do seu Municipio. Durante o 2020, dende os Servizos Sociais foron atendidas máis de mil persoas, trala realización de aproximadamente 200 tramitacións.

Dentro das liñas de actuación dos Servizos Sociais destaca, por un lado, a Axuda no Fogar, que este derradeiro ano multiplicou os seus esforzos. A través deste servizo, durante o 2020 foron atendidas un total de 150 familias con 30.900 horas recibidas nos domicilios das persoas usuarias. Estes datos reflicten o aumento do traballo con respecto ao ano anterior, xa que atendéronse a 24 familias máis e fixéronse 900 horas a maiores que no 2019 e case 4.000 horas máis que no 2018. Este servizo, prestado polo Concello de Friol a través de unha empresa externa, conta con máis de trinta auxiliares, todas elas mulleres.

O Alcalde, José Ángel Santos, indica que o Concello está e estará ó carón daqueles veciños do municipio máis vulnerables; neste caso, cos persoas dependentes,

de aí o gran esforzo que supón para o Concello que cada ano se consiga incrementar as horas de atención de dito servizo, un servizo prioritario para o Equipo de Goberno coa única finalidade de que os nosos maiores teñan unha calidade de vida digna, como merecen todos eles.

Outro servizo do que poden disfrutar os veciños e veciñas de Friol é o Punto de Atención á Infancia, o cal ten capacidade para 20 nenos e nenas, cubertas as prazas na súa totalidade no pasado curso 2019-2020.

ATENCIÓN TEMPERÁ. Como novidade respecto a anteriores anos, destaca que dende o mes de setembro desenvólvese un servizo de Atención Temperá, financiado pola Consellería de Política Social e promovido polos Concellos de Friol, Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Rei. Esta unidade está formada por catro traballadoras, Laura Campos como logopeda, Olalla Pensando –enfermeira–, Iria Hidalgo –terapeuta ocupacional– e Julia Rivas –psicóloga–. No servizo atendese de xeito gratuito

a nenos e nenas de 0 a 6 anos que presenten algún tipo de trastorno da fala, psicomotricidade, psicolóxico, etc.. Na actualidade están a traballar con 33 nenos e nenas que veñen derivados de colexios, servizos de pediatría, traballadores sociais ou por iniciativa propia das familias. Laura Campos explica

O Servizo de Atención Temperá, que iniciou a súa actividade en setembro, está a traballar agora con 33 nenos e nenas

o seu método de actuación: “Primeiro facemos unha entrevista ao neno ou nena, e valoramos as necesidades ou o risco que teñen de padecer algunha dificultade. Decidimos o traballo que precisa, se psicolóxico, de logopedia, ou todo, e, dende aí, establecemos

os obxectivos e coordinámonos co colexio ou cos traballadores sociais para estar en sincronía”. Esta unidade está situada na segunda planta do Centro Sociocultural do Concello de Friol, e conta “cunhas amplas instalacións adaptadas a persoas con mobilidade reducida e moito material terapéutico para os pequenos e pequenas, coma randeiras, piscinas de bolas, etc.”. Para garantir a seguridade de todas as persoas no momento sanitario actual séguense as medidas hixiénicas pertinentes: “mantense o uso de máscara, ventílanse as salas, tómase a temperatura e desinfectanse as mans aos nenos e nenas antes de cada sesión e desinfectanse os materiais entre sesións”, explica Laura.

O Alcalde insiste en que “todos estes servizos son de gran importancia para as familias de Friol, xa que supoñen unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, e facilitan a súa conciliación familiar e laboral, polo que dende o Equipo de Goberno seguiremos traballando para que estes servizos se manteñan e incluso melloren cada día”.

O Concello volve distribuír material de protección

Por segunda vez dende que se iniciou a pandemia, o Concello fai entrega de material de protección nas propias casas de todos os seus veciños. Nesta ocasión, a poboación adulta de Friol recibirá un kit composto por dúas máscaras FFP2 xunto cos correspondentes soportes de protección, ao mesmo tempo distribúen outro kit individual de tres máscaras FFP2 para nenos.

O equipo de Goberno habilita unha partida presupostaria con un importe de 8.000 euros para adquisición de material de protección, poñendo unha vez máis a disposición da súa poboación, cun único obxectivo, “axudar a manter protexidos os veciños e manter o virus illado o máis lonxe posible do municipio”.

Segundo o alcalde, José Á. Santos, a distribución do material é realizada polos membros do equipo de mantemento e Protección Civil do propio Concello, de forma segura e cos medios adecuados para protexer aos propios traballadores que proceden á súa entrega por todo o territorio do municipio. Deste xeito tamén se evitan os movementos innecesarios dos veciños para conseguir este material de protección, xa que o recibirán nas súas propias casas e totalmente gratuito.

O alcalde volve pedir a toda a veciñanza que sigan cumprindo as medidas sanitarias, que cumpran escrupulosamente as restricións impostas polas autoridades sanitarias e que non se expoñan de xeito innecesario, volve apelar ao sentido de responsabilidade que todos os veciños do municipio exerceron durante estes últimos meses, tamén subliña e valora que grazas á implicación de todos os veciños cumprindo as medidas recomendadas polas administracións, Friol “foi, e é hoxe, un dos concellos con menor incidencia da covid-19”.



Aislamiento acústico

garantía de descanso



ALLPLAS
SISTEMAS DE VENTANAS

info@allplassistemas.es / Tel.: 982 209 505



KÖMMERLING®
Sistemas de ventanas

¿Qué te ofrecen las ventanas con sistemas KÖMMERLING?

- Aislamiento acústico
- Ahorro energético
- Estanqueidad al agua
- Garantía de 10 años
- Aislamiento térmico
- Materiales reciclables
- Mínimo mantenimiento
- Amplia gama de colores

Entroido dende a casa

O Concello de Guitiriz e a Asociación Cultural Xermolos uníronse para festexar o Entroido de 2021 e, para ir quentado motores, puxeron en marcha dúas actividades Memoria de Antroido e Sermón de Antroido. Esta programación foi deseñada tendo en conta as actuais condicións sanitarias.

A primeira das accións consistiu na recollida de fotos antigas do Entroido, comezando xa polo ano pasado.

A segunda pide a creación dun sermón de entroido, compoñendo unha copla satírica, ou mesmo recopilar unha xa feita.

Ademais, tamén se celebrará concurso de disfraces que tamén se fará de forma virtual, podendo participar unicamente persoas dun único núcleo familiar. Haberá catro categorías para os premios, o máis orixinal, o mellor elaborado, o máis humorístico e o máis musical. Ademais, este ano establécese a categoría de mellor Meco, premiando o boneco máis satírico.



A participación pode ser a través de vídeo ou fotografía. No vídeo pódese realizar unha pequena parodia ou un baile.

Todos os nenos e nenas participantes neste concurso recibirán un agasallo e o gañador en cada unha das categorías recibirá un goxo de Entroido. O prazo para participar no concurso está establecido entre o 12 e o 16 de febreiro e o gañador darase a coñecer o 17.

Os participantes deberán enviar o seu vídeo e foto a antroido2021@gmail.com xunto cos seus datos persoais.

A Xunta autoriza a transferencia da rúa Rosalía de Castro ao Concello

O Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se autoriza a transferencia da totalidade da estrada autonómica LU-241, que coincide integramente coa rúa Rosalía de Castro, a prol do Concello de Guitiriz.

Esta estrada, de 210 metros de lonxitude, parte da N-VI e remata na súa intersección coas rúas do Ferrocarril e Xermolos, e discorre na súa totalidade polo solo urbano do municipio lucense.

O Concello manifestou ao departamento de Infraestruturas da Xunta o seu interese por este cambio de titularidade, do cal emitiron informe favorable os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas.

A transferencia deste viario autonómico a prol do concello lucense tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobada mediante decreto da Xunta de Ga-



Rúa Rosalía de Castro

licia, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Guitiriz terá a competencia para actuar nesta vía de marcadas características urbanas e cun tráfico rodado de ámbito local, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia seguirá investindo na rede autonómica de estradas ao seu paso polo municipio de Guitiriz. Son as vías de titularidade autonómica as que vertebran a mobilidade deste municipio e que permiten a súa conexión co exterior.

A entrega formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no DOG.

Continúan as presentacións literarias

Os Vilares Lareira de soños e a Nova Poesía Guitirica NPG continuarán a programación das últimas novidades literarias a través do Facebook. Este sábado 13 presentase *Poema da Rúa das Aves* de Miguel Barrera, obra gañadora do certame poético de Vilalba e editada por Editorial Alvarellos. Miguel Barrera é un poeta vilalbés residente en Madrid. Membro da Agrupación poética Nova Poesía Guitirica NPG e fai a súa primeira presentación pública despois da entrega do premio. A

cita será, como no resto de actividades, ás 20.00 horas no Facebook do grupo.

O programa #DoTrinque xa se celebrou anteriormente con presentacións musicais e nesta edición deu comezo coa presentación do libro *Lareira de Soños*.

A seguinte cita será o día 20 coa obra de narrativa *Pangalaica*, de Xurxo Souto (Editorial Galaxia), para pechar o último sábado de mes con máis poesía, da man de *A guerra era contra nós*, de Carlos da

Aira (Edicións Xerais).

No mes de marzo, *Os rostros do frío* (Edicións Fervenza) de Xulio Pardo de Neyra poderá verse o 6; a novela *Abril*, de Luz Darriba (Editorial Belagua) terá a súa presentación o 13; *Bambán no vento* (Fundación Eomaia) de Hortensia Bautista e do colectivo Versos de area de Ponteareas e Aurora Quinteiro, o 20; e *Non estamos preparados para medrar* (Editora Urutau) da poeta da Costa da Morte Teresa Ríos Noya será a última cita prevista.

A vila protéxese ante a covid

Para intentar frear o avance da covid, o goberno local do Concello de Guitiriz tomou unha serie de medidas de prevención como o peche do Punto de Atención á Infancia (PAI) e o Centro de Día.

Quedou suspendido tamén o servizo de conciliación, que se leva a cabo no Ceip Lagostelle. Despois das vacacións de Entroido o goberno local avaliará a situación para retomar estes servizos se é posible. Desde a dirección do Ceip Lagos-

telle tamén se decidiu suspender o servizo de comedor e pechou a aula CeMIT. Tamén se suspendeu o mercado dos mércores.

O Departamento de Servizos Sociais está a realizar un servizo de asistencia a veciños en situación de dependencia, soidade ou mobilidade reducida para adquirir alimentos, produtos farmacéuticos ou de primeira necesidade.

Os interesados poden chamar ao teléfono 982 370 109.

Adaptan a nave do Senpa para a pista de pádel

O Concello de Guitiriz aprobou, cos votos a favor do PSOE e BNG e a abstención do PP, a adaptación dos usos da nave e de dúas parcelas do Senpa no Pxom, que entrou en vigor o pasado mes de novembro.

Tras a aprobación e unha vez adaptado ao Pxom, crearase unha pista de pádel na nave do Senpa, que reponderá ao crecente interese por esta práctica deportiva por parte dos veciños e veciñas de Guitiriz.

Coa entrada en funcionamento do novo Pxom, a modificación realizada no seu momento, dado que se refería ao planeamento vixente con

anterioridade, quedou sin efecto, e polo tanto, requiriu dunha adaptación á nova normativa.

En concreto, esta intervención financiarase cunha partida de 100.000 euros procedentes dos fondos do Plan Único da Deputación do ano 2020.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou que "o Concello disporá de solo para facer novos investimentos en equipamentos deportivos, sociais ou culturais. Será unha zona deportiva e cultural que responde ás necesidades e intereses da nosa veciñanza".

M **OBELRIAS**

A túa NOVA vida ben amoblada
Mercado en Mobelrias

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Os tres grupos estudan opcións para a residencia de maiores

Tal e como se comprometeron no pleno, os tres grupos que forman a corporación municipal do Concello de Guitiriz reuníronse para tratar diversos asuntos, entre os que se encontraba o futuro do proxecto para a construción dunha residencia de maiores no municipio chairego.

Esta reunión serviu para achegar posturas tralo derrubamento da Casa da Botica polos danos estruturais causados durante os últimos temporais. De feito, dende que se produciu o derrubamento, as tres forzas solicitaron unha explicación e análise do que pasou. Na reunión, os tres partidos espuxeron as súas propostas para continuar co proxecto e agora será o Concello, e tamén a Deputación, os que as estudarán. Ademais, a Deputación tamén enviará a súa propia alternativa para aportar unha solución viable.

Ademais, os tres grupos amosáronse de acordo en que o Concello de Guitiriz debe formar parte inescusable de todos e cada un dos procesos que se leven a cabo a partir de agora. "Tanto desde a Deputación como desde o Concello temos a intención de que o proxecto para que Guitiriz conte cunha residencia



Cascallos da Casa da Botica tralo derrubamento

de maiores sexa unha realidade e o obxectivo final deste proceso é o de ir todos da man nesa dirección", aclarou a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira.

COVID. Na xuntanza, as tres forzas políticas acordaron ir da man para dar unha resposta eficaz ante a forte subida de casos por covid19 que está a padecer Guitiriz. "Desde o grupo de goberno propuxemos facer un reforzo na mensaxe de prevención fronte a pandemia nas canles de comunicación municipais, para lembrar a importancia de non dar tregua ao virus", aclarou a alcaldesa, Marisol Morandeira.

Noutro dos puntos tratados, che-

gouse a un acordo unánime para realizar un primeiro borrador no que plantexar unha segunda quenda de axudas para autónomos. Este borrador quedará supeditado ás posibles axudas que convoque a Xunta este ano para que non se solapen e perdan eficacia.

Ao fío deste punto, Morandeira, destacou que "esta reunión foi un bo punto de partida para chegar a un entendemento entre todas as forzas políticas que conforman a corporación municipal. Desde este grupo de goberno entendemos que o diálogo é fundamental para chegar a acordos que melloren a calidade de vida de todas e todos os veciños".

Xermolos recibe unha achega para desenvolver o seu labor cultural

O labor cultural de Xermolos contará este ano cunha achega de 20.000 euros con cargo aos fondos da Deputación Provincial, tal e como se recolle no convenio que firmaron representantes da institución provincial con Alfonso Blanco, fundador e coordinador da asociación.

Ademais do recoñecido Festival de Pardiñas, que o pasado agosto cumpriu 41 edicións, Xermolos mantén un intensa actividade de promoción e divulgación da creación literaria, musical e plástica chairega, mantén espazos culturais propios como a Casa das Artes e a Casa das Palabras e promove diferentes publicacións. Tamén contribúe de forma decisiva ao coñecemento e recoñecemento da obra de dous dos poetas fundamentais da Terra Chá, Manuel María e Díaz Castro. O impulso de Xermolos logrou que a Real Academia Galega dedicase ao autor de Nimbo o Día das Letras Galegas no 2014.

Adif non acepta facer unha variante da vía en Parga



A rexa símbolo da división do pobo pola vía do tren

Parganonsedivide, a plataforma creada en Parga en demanda dunha variante da vía férrea, segue firme na súa postura pedindo a construción dunha variante, que discorrería polo norte da localidade, xa que o proxecto que presentou Adif no 2018 implica segundo este grupo, a división do pobo en dúas metades unidas por dous pasos subterráneos para peóns e un en superficie para vehículos.

Os membros do colectivo volveron mostrar a súa oposición a este proxecto tras unha reunión mantida coa alcaldesa, Marisol Moran-

deira, despois de que ao Concello chegase un novo escrito de Adif mantendo este proxecto e indicando que ten que tomar unha decisión sobre a súa execución ou non. A alcaldesa mostrou ante a plataforma que o asunto debe ser analizado e non está de acordo coa execución dun proxecto "ao que se opoñen os veciños".

Neste tempo realizáronse varias reunións e intervencións políticas sen resultado polo que a plataforma mantense na idea de que se non se contempla a variante preferen quedar como están.

Inmobiliaria JRoca

ROCA ABOGADOS

Calle da Roxeira 4, Vilalba
 Terreno / Urbano (solar) | 117 m² 35.000€
 Se vende solar en el centro de Vilalba (Lugo), edificable bajo más dos plantas.

Foz 20-22, Vilalba
 Nave | 1.718 m² 210.000€
 En Vilalba (Lugo), se vende nave de tres plantas con una superficie total de 1718 metros cuadrados. La nave dispone de montacargas y en ella se permite todos los usos comerciales.

Plaza Coronel Pena, Vilalba
 Casa / Chalet independiente | 10 Dorm | 2 Baños | 369 m² 250.000€
 Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la C/ Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.

Avenida de Galicia 27, Vilalba
 Edificio de uso mixto | 580 m² 330.000€
 Se vende en Vilalba (Lugo), edificio muy céntrico, que da a dos calles, formado por un bajo de unos 85 metros, dos pisos acondicionados de 117 metros cada uno y un duplex acondicionado de 230 metros, incluidas las terrazas.

Camino da Gandara 138, A Gandara - Narón
 Terreno / Urbano (solar) | 761 m² 390.000€
 En la localidad de Narón (A Coruña), en las proximidades del centro comercial Odeón, se vende solar de 761 metros, dando a tres calles, con una edificabilidad de sótanos para garajes, bajo y tres plantas. Sobre el solar hay una casa antigua, que va incluida en el precio.

Lanzos 5, Vilalba
 Nave | 600 m² 90.000€
 Se vende en Vilalba (Lugo), salida hacia Lanzos, una granja en la que existen tres naves de unos 200 metros cada una, más una casa de planta baja y piso, que se encuentra en construcción.

Plaza de San Juan 8, Vilalba
 Edificio de uso mixto | 216 m² 100.000€
 En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y de Ferrol, a 45 de A Coruña y de la costa lucense, se vende casa del año 1900, reformada y adaptada a la época actual, aunque conservando la esencia de aquella época. La casa tiene en la planta baja un espacio que puede dedicarse a montar algún negocio y en las plantas superiores tiene tres dormitorios, sala, cocina, un baño y una dependencia para lavado planchado.

Avenida de Galicia 48, Vilalba
 Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 170 m² 60.000€
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso 1 sin ascensor, de 4 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia y cocina.

Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba
 Casa / Chalet independiente | 6 Dorm | 3 Baños | 449 m² 379.000€
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet unifamiliar para vivir en época de pandemia y postpandemia. A un paso de las playas (30 minutos de la costa de Lugo), nudo de comunicación de autovías, a cinco minutos andando del centro, con todos los servicios andando en un radio de diez minutos. Si miramos al Sur, las vistas son el bosque y pradera y al frente, el jardín. Consta de 449 metros, listo para entrar a vivir, en los cuales tenemos un amplio salón, sala de estar, despacho, 6 dormitorios, 3 baños y un aseo, cocina, garaje, bodega, calefacción de gas ciudad. Si necesitas desprenderte de parte del terreno, puedes vender para construir, sin afectar al chalet. Una casa llena de posibilidades. Ven a verla sin compromiso. Precio negociable.

Calle Cidade de Lugo, Vilalba
 Estudio / Loft | 1 Baño | 50 m² 38.000€
 Apartamento de un dormitorio con armario empotrado, cocina-salón, despacho, un baño, garaje, trastero y ascensor.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocabogados.info

Convocado un concurso de disfraces vinculado ao selo Starlight

O Concello de Muras vén de convocar un concurso de disfraces a través de fotografía dividido en dous grupos, o xeral para veciños do Concello e outro co título Muras Starlight que é aberto, de tal xeito que poden participar tanto empadroados no Concello como a xente de fóra.

En todos eles valorarase con fotografías, que deberán enviarse antes do domingo 21 de febreiro de 2021 ao correo cristina.martinez@muras.gal. En todas as categorías o requisito principal é que os disfraces deben ser artesanais e caseiros.

As normas establecen que só se admitirá un disfraz por persoa na categoría individual pero si é posible que unha mesma persoa participe na categoría individual e na grupal. Valorarase unicamente a orixinalidade e creatividade, non sendo relevante a calidade da fotografía.

Haberá tres categorías no concurso de empadroados en Muras, infantil (para menores de 15 anos), cun premio de 20 euros nun bono para consumo en locais do Concello de Muras ou compra de material; adulto (de 16 anos en diante) cun vale de 50 euros e grupal ou de unidade de convivencia. O gañador recibirá un un vale de 130 euros.

No concurso Muras Starlight inclúese disfraces relacionados co ceo, o espazo, a observación astronómica, etc, para homenaxear e poñer en valor a recente asignación do selo Starlight, que certifica o ceo do Concello de Muras como un ceo óptimo para a observación e desfrute do ceo nocturno.

Só por participar nesta categoría recibirán un planisferio para a interpretación do ceo nocturno e un obsequio especial de entroido. Os gañadores recibirán tamén unha clase especial de observación do ceo nocturno. As categorías son as mesmas que para o outro concurso e os vales serán de 40 euros para o infantil, 60 para o adulto e 180 para o grupal.



Estado no que se atopa agora mesmo a ponte

O Concello rehabilitará a ponte de Samil sobre o Eume

O Concello de Muras investirá un total de 39.083,41 euros na rehabilitación da ponte de Samil, sobre o río Eume. Trátase dunha ponte que se atopa moi deteriorada polo uso e o paso do tempo e que é moi usada polos veciños da zona para acceder ás fincas e propiedades do outro lado do río.

A ponte nova tamén se fará en madeira pero terá unha varanda para protexer de caída e vigas para darlle consistencia á infraestrutura. Ten unha lonxitude de 12 metros e un ancho de 3,30.

Aínda que o seu uso é peonil, coa nova estrutura podería permitir o paso de vehículos nunha emerxencia.

Como explica o alcalde, Manuel Requeijo, esta obra dá continuidade a outras dúas rehabilitacións de pontes, en Curuxos e Bermuz, ambas realizadas dende o ano 2015 "xa que hai moitas deterioradas porque antes non se reparada ningunha e resultan un perigo para os usuarios". O proxecto vén de rematarse e a intención do alcalde é licitar a obra en canto se poda.

Abre o prazo para pedir de novo as axudas da luz

Un ano máis, o Concello de Muras abriu o prazo para que os veciños soliciten as axudas para o consumo eléctrico con tempo ata o 15 de marzo. Todos os interesados en solicitar esta axuda terán que presentar as facturas correspondentes a todo o ano pasado. Unha vez revisados e cotexados todos os casos, o abono faise nun único pago.

O goberno local de Muras incorporou este ano unha nova liña de axudas, destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros. Esta liña incorpórase como unha medida que intenta paliar a incidencia na economía local da crise provocada pola pandemia da covid-19.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. O que si cambia é que para chegar á máxima cuantía elévese o tope e este cobrarse en fogares con restas inferiores a 15.000 euros, cando

antes eran para os de menos de 11.000 euros.

Poden optar a estas axudas cada un dos representantes das unidades familiares que consten no censo de empadroamento do Concello. Para este procedemento tense en conta o padrón de habitantes e vivendas que conste no Rexistro do Concello o día da súa aprobación no Pleno da corporación municipal.

Concédesse unha soa axuda a cada representante da unidade familiar que o solicite e unha soa por vivenda habitual e por contador da luz destinado a esta función. No caso de edificios de vivendas, pódese conceder a axuda a cada unidade que forme parte del e que así conste no padrón. Non poderán optar aqueles que teñan débedas coa Administración local, agás que sexan abonadas antes do remate do prazo de presentación. Debido á situación sanitaria actual, as solicitudes e documentación presentáranse preferentemente por vía telemática. Os que prefiran facelo presencial, deberán obter cita previa a través dos teléfonos 982 500 001 ou 982 500 012.

O Concello coloca sinalizadores nos elementos patrimoniais

O Concello de Pol está a mellorar a sinalización de diferentes elementos patrimoniais coa colocación de indicativos e paneis informativos co obxectivo de poñer en valor o seu patrimonio relixioso e cultural. O proxecto xa rematou e consistiu na instalación de preto de medio cento de sinais para indicar a localización das igrexas do municipio, ademais doutros 9 paneis nos enclaves destacados.

Os indicadores recollen os datos máis reseñables en galego, castelán e inglés, ademais de incluír un código QR que enlaza á web, para que así as persoas interadas poidan descubrir máis información sobre o Concello e os seus puntos de interese.

O proxecto contou cun investimento de preto de 50.000 euros, dos que o Concello aportou máis de 18.000 euros e o resto foi cunha subvención da Axencia de Turismo de Galicia.



O alcalde de Pol e José Ramón Ónega

A vila renderá unha homenaxe en agosto a José Ramón Ónega

O alcalde de Pol, Lino Rodríguez, confirmou que o Concello tributará unha homenaxe póstuma a José Ramón Ónega, fillo adoptivo da localidade e recentemente falecido en Madrid a causa da covid.

A homenaxe realizarase, en principio, no mes de agosto, dependendo de como evolucione a situación sanitaria ata esa data.

José Ramón Ónega, de 81 anos e fillo adoptivo de Pol, faleceu en Madrid

vítima da covid, onde era o delegado da Casa de Galicia.

"Nin que dicir ten que José Ramón era unha persoa moi próxima ao Concello, nós tiñámoslle nunha alta estima e practicamente todos os veciños", subliñou o rexedor. De feito, participou en numerosas iniciativas culturais e deportivas que se levaron a cabo no Concello e era un visitane habitual na vila, en especial nos veráns.

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

"Pronto Volveremos"

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO
JANSU VILALBA

FERRUGUEIRA
FOTOGRAFACIÓN
TAEKWONDO ADULTOS - INFANTIL
DEFENSA PERSONAL
ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
CROSBIE TRADICIÓN
T. X. X. SUSPENSIÓN M. P. S.
MONTAÑA
INICIACIÓN RETROS LATINOS
XIMNASTIA MANTENIMENTO SUAVE
ADESTRAMENTO PARA PAZORES
ADESTRADOR PERSONAL

Adxudicadas as obras na Edar de Castro Ribeiras de Lea

O Concello de Castro de Rei adxudicou o proxecto de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da Edar de Castro Ribeiras de Lea á empresa Demain SL por preto dun millón de euros (989.930 euros). Esta obra conta tamén con outros orzamentos engadidos, como os 20.000 euros de gastos de redacción do proxecto e 31.000 de dirección de obra e coordinación de segriedade e saúde, o que supón un total de 1.040.000 euros que destinará o Concello a esta actuación. As obras están financiadas cunha subvención do Idae de axudas a proxectos singulares das entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono. Esa axuda significará o 80% do custe total do proxecto, que supón para o Concello uns 240.000 euros. Segundo explica o alcalde Francisco Balado, a finalidade do proxecto consiste en reducir os verquidos, mellorando a calidade da deputación das augas residuais, duplicar



A depuradora de Castro Ribeiras de Lea, onde se farán as obras

a capacidade da depuradora, pasando de 350 metros cúbicos ao día a 700, e mellorar a eficiencia enerxética, transformando o reactor biolóxico existente nunha canle de decantación primaria e instalar dúas novas liñas de tratamento biolóxico, unha por cada 1.500 habitantes, así como un decantador troncocónico, o que permitirá duplicar a capacidade da planta. O proxecto conta coa autorización

da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e ten un prazo de execución de 18 meses. “Dende o Concello de Castro de Rei, valórase moi positivamente a concesión da subvención para esta finalidade, sobre todo de cara a evitar verquidos da depuradora que en moitas ocasións non podíamos controlar por falta dos mecanismos de depuración axeitados”, engade o alcalde.

O BNG propón que o SAF entre dentro dos grupos prioritarios de vacinación

O BNG en Castro de Rei propón que o Servizo de Axuda ao Fogar entre no programa de vacinación prioritario fronte á covid-19, xa que estas traballadoras e traballadores prestan servizos de benestar e coidados en persoas maiores. A portavoz municipal e concelleira da formación, Digna Lagarón, sina-

lou que “é fundamental que o SAF acceda á vacina de forma prioritaria, son un servizo esencial que prestan un traballo semellante ao das residencias pero nos domicilios das persoas usuarias”. Por outra banda, tamén solicitan que se cubra a praza de conserxe do colexio público de Castro Ribe-

ras de Lea, que leva vacante desde a xubilación do anterior. A concelleira e portavoz do BNG, Digna Lagarón, afirmou que “este ano, debido á aplicación dos novos protocolos sanitarios derivados da crise sanitaria, a figura do conserxe volveuse moito máis importante que nos cursos anteriores”.

O Consello da Xunta declara a primeira Área de Rehabilitación Integral

O Consello da Xunta aprobou a declaración da primeira Área de Rehabilitación Integral de Castro de Rei.

Esta ARI abrangue o ámbito do conxunto histórico, o solo urbano contiguo, o solo de núcleo rural da parte adxacente do núcleo rural de Portomuiño ao Norte, o solo de núcleo rural de Samesugueiras ao Sur, así como o solo urbano inmediato polo sueste ata o cruzamento coa estrada a Prevesos; polo que suma unha extensión de máis de 13 hectáreas.

A declaración desta área está xustificada polo feito de que esta delimitación forma un conxunto con similares características tipolóxicas, socioeconómicas e de unidade vinculada co conxunto histórico artístico.

Así, o ámbito de rehabilitación comprende as rúas e lugares Poeta Aquilino Iglesias Alvariño, Camiño de Circunvalación, Praza da Igrexa, Poeta Crecente Vega, Rúa Amigos da Feira, Francisco de Fientosa, Camiño Azúmara, Alcalde Emilio Sinde Nieto, Praza Maior, Manuel Becerra y Bermúdez, Camiño de Samesugueiras e Portomuiño.

Comprende 88 inmobles, onde se localizan 76 vivendas en 67 edificacións de carácter residencial, das que 55 son susceptibles dalgún tipo de rehabilitación ou renovación. Ademais, existen 21 inmobles doutra tipoloxía.

Deste xeito, neste ámbito pódense levar a cabo actuacións de reconstrución, para aquelas edificacións

en estado de ruína, na actualidade, e que precisan de labores de reconstrución conservando aqueles elementos susceptibles de aproveitamento; de rehabilitación integral, aquelas vivendas con patoloxías de tal gravidade que aconsellan recuperar só a envolvente e aqueles elementos de tipoloxía merecedores da súa conservación, e dotar a edificación da habitabilidade precisa adaptándose á normativa e ás técnicas actuais; e por último, de renovación, é o grupo de actuación máis numeroso, e prevé actuacións sobre aquelas edificacións que presentan patoloxías concretas dunha entidade relativamente escasa ou ben que presenten materias considerados como desacordes co contorno. Nese sentido, recoméndanse as seguintes renovacións: carpintarías exteriores, fachadas, material de cubrición ou doutro tipo como demolicións parciais, substitucións etc.

Cómpre lembrar que coa declaración dunha ARI, as persoas que sexan propietarios dun inmovible, e que desexen rehabilitar, poden acceder a incentivos e axudas de ata 24.000 euros por vivenda.

Así mesmo, o Concello tamén poderá recibir axudas para actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos no ámbito da ARI. Esta axuda está condicionada á rehabilitación de vivendas e ten un importe de ata 2.000 euros por cada vivenda que fose rehabilitada; así como para o financiamento da oficina municipal de rehabilitación.





AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO





COMPRA ONLINE

www.promedisa.com

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715

AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

abadín

O Concello abre unha plataforma de venda on line do grelo

O Concello de Abadín non terá este ano nova edición de Expogrelo debido á situación sanitaria actual, pero para dar saída ao seu produto estrela estes días comeza a andar Expogrelo.com, unha plataforma de venda on line. O Concello está a ultimando os detalles desta web, que reúne a un total de 18 greleiras que venderán o seu produto a un prezo único de 2 euros a mada.

Esta plataforma permite ademais, como subliña o alcalde, comprar á greleira que se desexe e o resto repartirse entre todas de forma equilibrada. Ademais, permitirá un rexistro e pago único á plataforma, mentres que a produtora recibirá inmediatamente o cargo na súa conta.

O Concello, que se encargou de sufragar a posta en marcha desta web de venda on line, tamén corre cos gastos de deseño e produción das caixas e as cintas que se utilizarán para o envío, xa que será o propio Concello o que xestionará toda a loxística, complicada polo feito de seren



un produto fresco e perecedeiro. “A feira é un escaparate onde a xente ve o que temos, pero hai que darlle saída, se non temos feira hai que expoñer o noso produto ao público doutro xeito”, explica José María Rancáño, alcalde de Abadín.

Para comezar con esta iniciativa, tocou un ano non moi bo para a produción do grelo, que é máis escaso que noutras edicións, debido á climatoloxía adversa deste inverno, pero aínda así hai moito grelo que vender

e “darlle un valor engadido”, como explica o alcalde.

O grelo de Abadín que se venderá nesta plataforma levará unha presentación que o distinga como de Abadín “como un selo de calidade”, explica.

Pero coa idea en marcha, non será a única que se botará a andar, xa que o obxectivo é seguir a potenciar a web posteriormente con receitas e mesmo buscar a maneira de vender outros produtos máis adiante ou orientarse ata a hostalaría.

O PSOE pide a retransmisión dos plenos e ve na deixadez a culpa dos asolagamentos de Moncelos

O voceiro socialista de Abadín, Pablo Díaz avanzou hoxe que rexistrou unha moción coa que reclama ao Concello que asuma as súas competencias co servizo de recollido de lixo, tal e como marca a normativa, e dote de xeito urxente aos veciños de Samordás e Bicos deste servizo, na parroquia de Galgao.

O voceiro socialista advertiu que “a competencia do servizo de recollida de lixo é responsabilidade das entidades locais, e poden desenvolvela de xeito asociado ou con medios propios, polo tanto Concello de Abadín é o único responsable da recollida, transporte e do tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios ou servizos da nosa vila”.

“Non entendemos como en pleno século XXI hai familias e vivendas no noso Concello que non poden dispoñer deste servizo, xa que ten que ser unha prestación prioritaria na folla de ruta de calquera goberno municipal”, insistiu Díaz.

Por todo isto emprazamos ao alcalde do PP de Abadín e todo o seu Goberno “a que revise a prestación do servizo de recollida de lixo que se está realizando actualmente no

Concello, co fin de solventar as graves deficiencias existentes, como ocorre actualmente na parroquia de Galgao”, resumiu.

O PSOE abadinense presentou unha moción na que solicita o acordo do Pleno para que se proceda vía internet a retransmisión dos Plenos en directos.

“Os veciños e veciñas do Concello de Abadín merecen que o seu Goberno poña toda a acción municipal ao seu alcance, e para elo usando de forma sinxela todas as novas tecnoloxías, achegue de forma o máis transparente posible o que acontece nas sesións plenarias”, explican na moción.

ASOLAGAMENTOS. “Abandonados, esquecidos, ninguneados e ignorados, así é como se senten as veciñas e veciños do barrio do Valado na parroquia de Moncelos, tras as últimas inundacións que sofren nesta zona do Concello”. Así o dixo o voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz, tras coñecer de primeira man a situación na que se atopa as estradas municipais nesta parroquia, e que dificultan o seu tránsito con seguridade, por mor da falla de limpeza dos fluviais da vila.

As dúas farmacias de Abadín compartirán o uso dun desfibrilador

As dúas farmacias do Concello de Abadín, situadas na vila de Abadín e en Gontán, dispoñen dun desfibrilador comprado polo Concello e cedido para o seu uso.

O persoal dos dous centros realizou xa os cursiños de aprendizaxe para o uso destes aparatos e xa lles foi entregado para o seu uso. As dúas farmacias estudan o sistema para manter o seu uso, que dependerá das gardas que se realicen.

Os desfibriladores foron adquiridos con fondos propios por parte do Concello e cedido ás dúas farmacias para que poidan atender urxencias deste tipo.

Imparten un curso oficial de monitor de tempo libre

Xa está aberto o prazo para a inscrición no novo curso de monitor de ocio e tempo libre, que contará coa titulación oficial da Xunta de Galicia, que se organiza Galwy xunto coa Asociación Galega de Custodia do Territorio e a Casa das Insuas.

Esta iniciativa conta coa colaboración do Concello de Rábade e será impartido dende a Escola de Tempo Libre Bugallo.

Será un curso especial no que ademais se incluíra unha titulación a maiores: Especialista en educación medioambiental.

O curso desenvolverase entre o 20 de febreiro e o 25 de abril en intensivo de fin de semana: sábados e domingos en horario de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 e 3 venres pola tarde.

Cumpranse todos os protocolos pola covid-19. O curso pode sufrir modificacións en canto a datas e horarios en función da situación sanitaria. A reserva de prazas ten que facerse en info@galwy.com ou no teléfono 982 804 773. O curso ten un prezo de 250 euros e permite o pago fraccionado.

rábade

Rábade celebrará este Entroido na casa

O concello de Rábade convoca o tradicional concurso de disfraces cun formato diferente por mor da pandemia da covid-19 e para garantir as debidas medidas de seguridade e protección.

Poderán participar todas as persoas que o desexen, sempre dentro do mesmo núcleo familiar (persoas conviventes) e a máscara é obrigatoria, aínda que o disfraz cubra o rostro. Cada familia só poderá participar nunha modalidade e categoría.

A inscrición dos participantes farase do 1 ao 12 de febreiro, enviando unha foto a asociocultural@rabade.org (só formato JPG ou PNG) ou un vídeo por whatsapp (máximo 20 segundos) ao número de teléfono 682 741 000 aportando os seguintes datos: nome do disfraz ou do vídeo, teléfono e folla de inscrición debidamente cuberta.

Para calquera dúbida ou aclaración



pódese chamar ao 982 390 062 na Área de Cultura e Deporte.

Os premios oscilarán entre os 200 euros e os 100 para as coparsas familiares, e os 100 e os 60 euros para os individuais e as parellas. Haberá tres premios en cada unha das tres categorías. Os gañadores daranse a coñecer o 16 de febreiro nas redes.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



O Concello rescindirá o contrato á empresa redactora do Pxom

A comisión de urbanismo informativa do Concello de Cospeito acordou incoar a resolución do contrato administrativo coa empresa encargada da redacción do Plan Xeral do Concello de Cospeito, a cargo de Estudios y Proyectos del Noroeste.

Os tres partidos presentes na comisión estiveron de acordo en tomar esta medida polos continuos incumprimentos de prazos que se están a dar por parte do equipo redactor.

O Pxom de Cospeito estivo en exposición pública durante os primeiros meses do ano pasado, tendo que ser interrompido este polo confinamento decretado no mes de marzo, xusto cando faltaba unha semana para rematar este tempo de recepción de alegacións.

Finalmente o 8 de xullo deuse por terminada esta fase deixando tres meses para contestar as alegacións, tal e como figuraba no contrato. “Levamos moito máis de tres meses

agardando, pero non é o primeiro incumprimento de prazos”, explica o alcalde, Armando Castosa.

Engade o mandatario que “tiñamos dúas opcións, ou propoñer unha resolución de contrato ou impoñer penalidades pero optamos pola primeira vía porque non sabemos os motivos polos que se producen estes retrasos e non se quere facer dano, senón atopar unha vía de solución á situación”.

É a Xunta de Goberno Local a encargada de cursar a resolución de contrato, porque só este organismo é competente para esta función. A continuación, como indica o alcalde, abrírase un novo proceso de licitación para convocar outra empresa para rematar o proxecto.

OPOSICIÓN. Pola súa banda, a voceira socialista, Rosa Morán, asegura que se preguntou en numerosas ocasións polo curso do Pxom



Vista aérea de Feira do Monte

“apremiando para que se aprobase inicialmente antes da entrada en vigor da Lei do Solo”. Lembra que en todo momento o alcalde respondeu alegando que todo transcorría con normalidade. “Agora vemos que se presentaron durante este tempo un montón de requerimentos e actuacións das que o alcalde non informou malia ter preguntado en innumerables ocasións”, di.

“Ademais, dende a Xunta explicaron que en todos os informes avaliados polos técnicos autonómicos puxeron pegas ao Plan Xeral presentado polo Concello. Preguntamos si se corrixiu e a resposta do alcalde sempre era que non sabía do que falabamos”, engade a concelleira.

“Asegurounos que todo estaba correcto e por iso votamos a favor para

que saía adiante por unanimidade o Plan porque nos parecía importante pero advertimos que non se axustaba á lexislación vixente aínda que había compromiso de soluciónalo. Trala exposición ao público, e por falta de resposta da empresa sobre as mesmas, foi cando o alcalde empezou a falar de que a empresa estaba incumprindo os acordos e dende facía tempo”, explica.

A voceira nacionalista, Yolanda García asegura que “non se pode dar un traballo a un equipo que por desidia ou por falta de capacidade económica ou humana non o pode sacar adiante”. Indica tamén a nacionalista que hai fallos do equipo redactor, correspondentes a cuestións que non se axustan de todo á lei ou mesmo erros na cartografía.

Escollidos os gañadores do Mercado de Nadal de Muimenta

A Asociación de Empresarios de Muimenta identificou aos gañadores dos premios da XII edición do programa Mercado de Nadal 2019, convocatoria que tivo lugar entre o 9 de decembro e o 5 de xaneiro e que organizou o colectivo empresarial para incentivar as vendas neste tempo de Nadal.

Ao final apareceron 11 premiados dos 18 repartidos, aos que lles corresponderá un vale de cen euros cada un. As papeletas gañadoras foron aquelas nas que coincidiron cos tres últimos números do primeiro da Lotería de Reis que se celebrou o pasado 6 de xaneiro e que recaeu no 19.570.

Ditos vales, deben ser consumidos, coma sempre, nos negocios que pertencentes ao colectivo empresarial, antes do 21 de febreiro.

A entrega de premios fíxose o pasado mes de xaneiro no pavillón do recinto feiral Manuel Vila López de Muimenta.

NOVA WEB
www.terrachaxa.com

NOVA IMAXE
MÁIS CONTIDOS

TERRACHÁXA

a pastoriza



Unha vista da estrada que pasa por Rigueira

A Deputación aproba as obras da estrada a Campo do Oso

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou actuacións para a mellora de 11 estradas provinciais que discorren por dez concellos nas que a institución inviste preto de 1.160.000 euros.

No concerniente á Terra Chá, na Pastoriza, a Deputación de Lugo inviste preto de 170.000 euros para rehabilitar a estrada provincial LU-P-1106, que vai de Castro de Rei a Campo do Oso, pasando por Reigosa. A Xunta de Goberno aprobou

o Plan de Seguridade e Saúde. Así mesmo, a LU-P-1106 é moi utilizada como saída cara Mondoñedo. A Xunta de Goberno da Deputación vén de aprobar os Plans de Seguridade e Saúde no Traballo, último paso administrativo antes de iniciar estas obras, que afectarán a uns 4 quilómetros desta vía, entre os puntos quilométricos 16,9 e 20,4. Consistirán na mellora do firme con rego asfáltico, cun prazo de execución de 9 meses.

A Deputación subvenciona as actividades na piscina

A Deputación achega 180.000 euros para colaborar nos gastos de funcionamento da piscina climatizada da Pastoriza, unhas instalacións que dan servizo a usuarios e usuarias de todos os concellos da contorna.

Ambas entidades asinaron un convenio de colaboración para o mantemento das instalacións que contan, ademais da piscina climatizada, cunha sala de fitness e un ximnasio totalmente equipado.

Ademais do uso individual das instalacións, o centro, que conta con oito monitores e monitoras, ofrece un amplo abano de actividades, desde cursos de natación para todas as idades e condicións físicas ata sesións de pilates e outras actividades dirixi-

das na sala de fitness.

A piscina mantívose pechada durante o confinamento pero reabriu a comezos de agosto tras realizarse un estudo de seguridade e desenvolver un protocolo que minimiza o risco de contaxio da Covid-19 nas instalacións.

A piscina é tamén empregada por persoas que fan actividade física como parte de rutinas terapéuticas e de rehabilitación. Conta tamén con usuarios de todos os concellos da contorna. Ademais das persoas que van a título individual, a través dos propios concellos e das asociacións de nais e pais, reciben alumnado de centros educativos de Muimenta, Abadín, Riotorto, Meira ou Pol.

A CHMS mellora a capacidade de desaugadoiro do río Miño

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, intensifica os traballos de mellora a capacidade de desaugadoiro do río Miño en Fonmiñá, na Pastoriza.

Da inspección previa observouse a presenza de gran cantidade de árbores caídas cara ao río que provocaron a acumulación de restos arbóreos e a formación de varios tapóns no propio leito e, sobre todo, nas zonas de obras de paso. Ademais da existencia de gran cantidade de árbores secas, rotos ou inclinados ao longo de todo o tramo de actuación.

Para solucionar esta problemática procedeuse á retirada de árbores caídas ou secas ou, en casos moi puntuais, desestabilizados con perigo de caída ao leito, que provocaban a acumulación de restos arbóreos e tapóns, afectando ao



Estado no que se atopa a zona fluvial

discorrer das augas; tamén se realizaron podas sanitarias e resalvos para mellorar da estabilidade da vexetación e para facilitar o fluxo en casos de avenida, diminuíndo así o risco de inundacións.

Estes traballos, que finalizarán ao longo do presente mes de xaneiro, están a ser realizados por unha brigada composta por 4 operarios, que traballan desde o pasado 23

de novembro nesta zona situada dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño e que, polo seu gran valor natural, está prevista a súa incorporación á zona de especial protección comunitaria, LIC Parga-Ladra-Támoga.

O tramo de actuación comprende unha lonxitude total de 8,5 km e o investimento previsto supera os 49.000 euros.

O Concello destinará máis de 240.000 euros do Plan Único para estradas

A Xunta de Goberno Local da Pastoriza aprobou a listaxe de obras que se financiarán con cargo ao Plan Único da Deputación, que para este Concello é de 326.821 euros.

Así, no capítulo de obras en estradas investiranse algo máis de 240.000 euros. Deles 66.187 irán concretamente para a obra de mellora dun tramo da rúa José Yáñez da Pastoriza. Así mesmo, 135.000 serán para a tradicional pavimentación de vías rurais. En arranxar o acceso ao núcleo de Alvite, en Bretoña, destinaranse 43.562 euros.

Ademais de obras viais, o Concello investirá tamén en 23.447 euros na construción dunha balsa contrain-



Estado no que quedou o paseo de Bretoña trala súa limpeza

condios e para usos medioambientais en Vián e destinará 3.000 euros para a compra de mobiliario para o Centro de Interpretación de Bretoña, concretamente para a adquisición de vitrinas para expoñer os achados arqueolóxicos da escavación do castro de Saa.

Como complemento a estes investimentos, haberá un capítulo para gastos do Depuemprego e outro para o SAF, seguindo os parámetros de investimento de anos anteriores.

OUTRAS OBRAS. Durante este mes, o Concello da Pastoriza estivo facendo diferentes obras de reparación noutros tantos puntos do termo municipal. Unha das actuacións foi a restauración e colocación do crucei-

ro de Vián, para cuxa obra contouse coa colaboración dun dos maiores especialistas na materia de toda Galicia, Mario Saavedra.

Por outra banda, tamén se fixo a limpeza e roza do paseo fluvial de Bretoña e o campo da festa de Fonmiñá. Neste mesmo grupo de intervención, tamén se realizou a tala dos arredores da escola de Álvarez. Ademais, procedeuse á retirada dos plásticos de silos agrarias, seguindo o programa habitual do Concello.

Ademais, engádesse á listaxe de traballos realizados este mes a limpeza e roce dos colexios de Bretoña e Pastoriza, teleclub e campo da festa de Bretoña, campo de bolos de Loboso, Castro de Saa, e das escolas de Corbelle e Álvarez.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo





BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

O PSOE demanda unha rebaixa do IBI debido á covid

O Grupo Socialista rexistrou unha moción coa que reclamaba modificar o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) para reduci-lo dende o 0,65% actual a un 0,45%, “permitindo así aliviar a carga financeira dos nosos veciños no complicado contexto socioeconómico actual no que nos atopamos”. O PP votou en contra. José García remarca que “nestes intres hai unha boa situación económica no concello, debido a política recaudatoria de Clemente Iglesias que aplicou un aumento de impostos coa subida de case dun 100% na taxa de recollida de lixo, e tamén coa recadación das case mil novas altas derivadas de revisión catastral de bens inmóveis” (unha modificación que supuxo unha subida de sesenta euros por cada alta rexistrada).

Así as cousas “dadas as previsións do equipo de goberno do PP que estima que no ano 2021 van recadar por este concepto uns 248.000 euros (cando na época do gober-

no PSOE/BNG a recadación dos mesmos era de 93.000 euros), aos que ademais habería que sumar arredor doutros 600.000 euros que estarían pendentes de cobro pola aplicación deste tributo con carácter retroactivo durante os catro anos que fixa a lei”.

Por todo isto reclamamos ao PP de Riotorto “que apoie as familias e rebaixe este imposto co fin de que podan seguir facendo fronte ás consecuencias da pandemia e ao mesmo tempo contribuír á reactivación económica, especialmente de autónomos e pequenas empresas e negocios da nosa vila”.

O Voceiro Socialista explicou que rexistrou outra moción coa que demanda ao Concello de Riotorto “que inclúa no Plan Único da Deputación 2021 arranxar a pista que vai dende Mundín ata San Pedro, xa que é o camiño de acceso habitual dos veciños cando se dirixen tanto á igrexa de San Pedro como ao cemiterio parroquial”, explicou.

Os nacionalistas piden arranxos en estradas de Órrea e Santa Marta

O BNG de Riotorto reclamou arranxos en diversas estradas das parroquias de Órrea e Santa Marta no Pleno, moción que non foi aprobada.

En concreto, a formación nacionalista solicitou que se leven a cabo traballos de asfaltado e limpeza de cunetas na estrada LU-P-3003 que vai desde Courel ata a N-640, usada a diario por veciños e veciñas de Órrea e Galegos.

Tamén demandou melloras no firme de tres vías municipais de Santa Marta: a pista que vai desde Chacín ata a estrada provincial, moi deteriorada polos vertidos de augas residuais provocados polas deficiencias de saneamento da zona; a vía que une este núcleo ata o cruce da Moxoeira, polo Pibidal; e a pista que pasa pola Manguela, que dá servizo á captura de auga de Chacín.

Ademais, o BNG reclamou un proxecto de rehabilitación para a antiga escola de Courel que permita recuperar o edificio, agora en

estado de abandono, para uso da veciñanza. A formación nacionalista considera urxente reparar o tellado para evitar o derrubamento da construción.

Os nacionalistas propuxeron que as obras sexan incluídas polo goberno local no Plan Único da Deputación de Lugo, que destina ao concello preto de 240.000 para 2021. O concelleiro Luis Fernández explicou “que se trata de obras que demandan as asociacións de veciños que deben ser escoitadas para establecer as prioridades de investimento”.

ACTIVIDADES FORESTAIS. O BNG reiterou no Pleno a súa oposición á ordenanza de actividades forestais promovida polo goberno local, que establece unha taxa de 0,60 euros por tonelada de madeira extraída. “Serán os veciños e veciñas, pequenos propietarios dos montes, os que acaben pagando esa taxa xa que as empresas repercutirán inmediatamente no prezo que ofre-

zan pola madeira”, explicou o concelleiro nacionalista, que apoiou as alegacións presentadas á normativa por colectivos veciñais.

Luis Fernández lembrou que o Concello xa contaba cunha normativa que establece o depósito dunha fianza á empresa que vaia realizar a tala. Se non se producen danos, a fianza devólvese á madeireira. “O goberno municipal debería centrar os seus esforzos en facer cumprir a normativa vixente, poñendo o persoal e os medios necesarios para facer un seguimento do estado das vías que se utilizan para retirar a madeira”. A taxa de 0,60 euros non evitará os estragos nas vías, ao contrario, normaliza que se produzan e traslada o seu custo aos pequenos propietarios, que verán como a súa madeira vale menos”, estimou.

Segundo as estimacións dos colectivos veciñais que se opoñen á normativa, as perdas para os propietarios e propietarias serán duns 300 euros por hectárea.

A oficina turística volve á praza do Convento



A oficina de turismo de Meira, na súa ubicación na praza do Convento

A oficina de turismo de Meira volveu abrir nas antigas instalacións da praza do Convento mentres rematan co acondicionamento da súa nova ubicación, na planta baixa da casa consistorial, con entrada dende a praza principal.

Nun principio tentouse facer a mudanza durante o Nadal pero numerosos imprevistos derivados das tormentas e o estado do cableado impediron que se puidesen instalar polo que finalmente decidiron aprazar ata marzo a mudanza.

O IES Pedregal de Irimia invita a un concurso de fotografía

O IES Pedregal de Irimia vén de convocar o I Certame Fotográfico que terá como temática central a natureza e os espazos naturais.

O concurso divídese en catro categorías, infantil (5º e 6º de Educación Primaria do Ceip Avelino Díaz de Meira), xuvenil 1 (1º, 2º e 3º da ESO do IES Pedregal de Irimia), xuvenil 2 (4º da ESO, 1º e 2º de BAC do IES Pedregal de Irimia) e adultos (ex-alumnos, ex-traballadores do centro e familiares, veciños e amigos do actual alumnado).

Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras, sendo estas orixinais e inéditas e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso.

Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos auto-

res, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso. As fotografías non poderán ser alteradas electronicamente nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de cor e luminosidade.

As obras poderán ter un formato e tamaño libre e deberán entregarse ao correo electrónico bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com. O prazo rematará o día 7 de marzo.

A organización establece un único premio para cada categoría, podendo outorgar algún accésit se o xurado o considerara necesario. Estes consistirán nun lote de libros e o correspondente diploma acreditativo.

Críticas ás ordenanzas da actividade forestal na comarca de Meira

A proposta de crear unha ordenanza para a actividade forestal en Meira e en cinco municipios próximos -Pol, Ribeira de Piquín, A Pontenova, Riotorto e A Pastoriza- segue suscitando críticas. Diferentes colectivos rexeitaron a medida que implica o pago de 0,60 euros por tonelada de madeira cortada, o que consideran “un imposto máis, que penalizará a actividade forestal en tempos de crise”.

Os madeiristas instan aos concellos a adaptar as pistas á nova maquinaria e aseguran que paralizar as curtas algúns meses, como algún alcalde chegou a suxerir, causaría un forte impacto en todo o sector.

Mentres, os mandatarios aseguran que a taxa era necesaria para contribuír ao coidado das pistas, sen que a súa aprobación se concebise como un ataque ao sector.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilaño (Lugo)
Tel. 982 80550

CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS
CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS
R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103
URXENCIAS
24 HORAS



Unha imaxe da estrada onde se vai facer a nova senda

Comezan as expropiacións para facer unha senda dende a carretera de Castro ata Bonxe

O Concello de Outeiro de Rei deu luz verde á creación dunha senda peonil e para bicis dende a estrada de Castro ata Bonxe. Trátase dunha nova iniciativa para completar a oferta da que dispón o Concello. Esta senda require nun primeiro momento do proceso de expropiación.

A Xunta de Goberno Local de Outeiro publicou unha listaxe de terreos que se deberán expropiar para a construción desta senda, todos elas categorizados como solo de núcleo rural. Trátase de oito fincas, unha en Veiga, outra en Monte da Anguela e o resto en Matela. O custe total será de 15.720 euros por un total de afectando a máis de mil metros cadrados.

O camiño Municipal que vai desde a estrada de Castro LU-115 ata a prisión de Bonxe ten unha beiravía variable igual ou inferior a 50 cm que dificulta que os viandantes e ciclistas poidan circular polo mesmo sen entorpecer o tráfico. A estrada é utilizada por un gran número de viandantes e ciclistas e un elevado número de vehículos pesados transitan diariamente pola mesma cara a unha industria existente, co que a coexistencia de vehículos e bi-

cicletas ou viandantes faise complicada.

Coa actuación que se propón no presente proxecto, non se mellorará o trazado dos viais municipais existentes, senón que só trátase de realizar unha ampliación da sección transversal para albergar a senda peonil que se pretende construír.

A senda, que discorrerá dende a estrada de Castro LU-115 ata a prisión de Bonxe ten unha lonxitude total de 1.247 metros cun ancho de 2,50. Desde o inicio ata o punto quilométrico 0,690 a senda discorrerá por unha zona industrial e desde aí ata o 1,247 a senda será por chan rural.

Coa actuación que se propón no presente proxecto, non se mellorará o trazado dos viais municipais existentes, senón que só trátase de realizar unha ampliación da sección transversal para albergar a senda peonil que se pretende construír.

As obras a realizar consistirán en movemento de terras, drenaxe lonxitudinal e transversal da ruta, asfaltado e sinalización.

O proxecto para esta obra presenta un prazo de execución de tres meses e un orzamento de 96.712 euros.

Feijóo anuncia ao alcalde unha partida para o centro de día

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avaliou co alcalde de Outeiro de Rei os avances nos proxectos prioritarios para o Concello, entre os que destacan a construción dun novo centro de día, que contará con 60 prazas públicas; as melloras no Ceip Laverde Ruiz; e o desenvolvemento dunha zona deportiva na zona do río.

No tocante á construción do novo centro de día, que contará con 60 prazas públicas, Feijóo confirmou os orzamentos neste 2021 para levar a cabo a primeira fase das obras.

Ao longo da xuntanza, o titular da Xunta confirmou que o Ceip Laverde Ruiz xa ten consignados 20.000 euros para o funcionamento da pista cuberta que solicitara o municipio. E, en relación ao proxecto para a construción dunha nova zona deportiva, formada por unha complexo de piscinas, un centro BTT e diversos espazos de lecer, Feijóo confirmou ao alcalde que a Xunta achegará o 70% do investimento, coa previsión de que estea finalizado antes de 2023. Cómpre salientar que este proxecto levarase a cabo nunha parcela de titularidade municipal situada moi preto da área recreativa de Santa Isabel, ao carón do río Miño, na desembocadura co río Ladra. E sumará-



O alcalde de Outeiro, reunido co presidente da Xunta

se á senda que se está a desenvolver na LU-115, preto do polígono de A Matela, coa previsión de que estea finalizada en febreiro deste ano.

CONCENTRACIÓN PARCELARIA.

Por outra banda, e en materia de concentración parcelaria, Feijóo salientou que en xullo de 2020 xa foi asinado o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Outeiro de Rei para o financiamento da rede de camiños principais e secundarios das zonas de reestruturación que afecten ás catro parroquias que a solicitaron: Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar e nos próximos días se iniciará o proceso de concentración.

Ademais da mellora do sistema de abastecemento do municipio, o presidente do Goberno galego confirmou que, nas vindeiras semanas, a Xunta presentará ao Concello o estudo de alternativas para a mellora ou cambio de ubicación da Edar.

PANDEMIA. En relación coa pandemia, destacou a colaboración entre ambas administracións, coa entrega de material -máscaras, xel hidroalcolico, luvas, batas, traxes, desinfectantes e pantallas faciais- para a loita contra a covid por parte da Administración autonómica. Así mesmo, precisou que, ata o momento, 8 empresas do concello recibiron xa apoios para reactivar a súa actividade.

Convocan o concurso de videopoemas de Rosalía de Castro e Manuel María

A IVª edición do Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María vén de ser convocada pola Casa-Museo Manuel María. O certame dirixido ao alumnado galego de ensino non universitario (desde a ESO até segundo de Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos) ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da

palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María.

Os centros educativos que desexen participar teñen até o 26 de marzo de 2021 para se preinscribir e antes do 26 de abril terán que remitir á Casa Museo os traballos do alumnado participante. A fase final do concurso está prevista o 15 de maio en Outeiro de Rei, onde se exhibirán publicamente os videopoemas finalistas escollidos polo xurado, mais o formato desta xornada poderá ser modificado en función do estado da pandemia nese momento. As bases do certame pódense ver na web da Casa-Museo Manuel María.

Este concurso, que vai pola súa IV edición, non se puido levar a cabo o ano pasado xa que as circunstancias socio-sanitarias do momento, en pleno confinamento domiciliario, o atinxiron de tal maneira que se decidiu suspender. O centro suspendeu a súa programación semanal

cultural debido ás normas impostas pola Xunta co compromiso de recuperala unha vez que se reinicie a actividade a nivel autonómico.

Premios de poesía

A biblioteca pública municipal de Outeiro de Rei deu a coñecer os premiados do concurso de poesía infantil Nadal 2020. Entre os máis pequenos, ata 8 anos, os premios foron para Daniel Mera Cambiazo (de 3º de Primaria), Iago Río Pernas (1º de Primaria) e Daniel Picado Sarceda (3º de Primaria). Concedéronse dous accésit a Irene Sotillo Izquierdo (2º de Primaria) e Claudia Carreira Freire (3º de Primaria). Na categoría de 9 a 11 anos, a gañadora foi Antía López López (6º de Primaria), seguida de Nadia López Darriba (6º de Primaria) e Iván Jesús Río Pernas (4º de Primaria). Tamén se concederon accésit a Nerea Neira Rojo (4º de Primaria) e Iratxe Totoricabuena Rodríguez (5º de Primaria).



Crearán unha base de datos cos terreos e vivendas á venda

O Goberno local creará unha base de datos que recolla os inmobles ou solares dispoñibles no territorio municipal e facilite os contactos entre vendedores e posibles compradores. Esta iniciativa xurdiu porque o Concello está a recibir numerosas preguntas sobre leiras á venda para edificar, xa de antes da pandemia, pero agora con máis asiduidade.

A idea é crear unha base de datos onde se poda dar de alta o titular dunha parcela edificable ou dunha casa que se poida rehabilitar para favorecer a realización da transacción. Deste xeito, farase un anuncio para que as persoas interesadas poidan anotarse. O obxectivo é lograr atraer novos veciños e fomentar que se recuperen casas pechadas.

O Concello tamén prevé regular a existencia de axudas para aquelas persoas que proxecten construír ou rehabilitar unha vivenda no municipio de ata un máximo de 3.000 euros. Ademais, o goberno local xa ten preparada unha nova ordenanza municipal, reguladora da concesión de subvencións para obras de conservación e rehabilitación ou de construción de novas vivendas.

A Valedora do Pobo intervirá na polémica da fusión dos colexios

A Valedora do Pobo iniciou actuacións contra o Concello de Begonte e a Consellería de Educación con relación ao proxecto de unificación dos colexios de Begonte e Baamonde para utilizar as instalacións deste último como conservatorio comarcal. Os pais e a asociación de veciños, que veñen convocando manifestacións dende que se presentou o proxecto, foron os que elevaron un escrito a este organismo. A anpa deste centro uniuse ás dos colexios do Courel, Navia e Baralla na plataforma Anpas do Rural, para facer unha fronte común nas súas reivindicacións.

Os denunciante aseguran por unha parte que “non houbo audiencia nin consultas de ningún tipo, senón que tal decisión adoptouse unilateralmente e xustificouse coa instalación dunha escola privada de música nas instalacións do Ceip de Baamonde, malia atoparnos inmersos na pandemia por mor do coronavirus. Tal decisión asemella proceder do propio Concello de Begonte, pois a información facilitada pola Consellería de Educación ao ser interpelada en va-



A plataforma das anpas do rural, protestando ante a Delegación da Xunta

rias ocasións polo posible peche do Ceip de Baamonde foi contradictoria, malia as aseveracións de que estaría xa todo decidido”.

“Poñemos en relevancia que a escola de música xa tiña unhas instalacións perfectamente dimensionadas coa nosa pequena poboación, que está moi satisfeita do traballo que se está a desenvolver pola escola de música. Non entendemos por que o concello de Begonte precisa un conservatorio cando non hai sequera un alumnado que xustifique tal investimento público, isto aínda que se collese

alumnado de outros concellos, tales como Outeiro, ao quedar mais preto Lugo, e cando non se facilitou información ningunha sobre as xestións para levar a efecto tal conservatorio, nin os datos sobre os que se sustenta tal pretendido investimento”, din.

A polémica chegou tamén ao Parlamento de Galicia a través dunha pregunta de Luis Álvarez sobre a que a Xunta tampouco se pronunciou. Mentres, a proxecto foi aprobado en Pleno no que a oposición mostrou a súa disconformidade pero a maioría de escanos non tivo rival.



O Concello opta por celebrar un concurso de disfraces virtual

O Concello de Begonte organiza o X Concurso de disfraces 2021 cunha edición virtual na que os participantes poderán mostrar a súa creatividade mediante as modalidades de fotografía e vídeo.

Este concurso levarase a cabo entre o 12 e o 17 de febreiro e repartiránse un total de 32 premios entre as distintas categorías, que suman un total de 2.100 euros.

Pódese participar de maneira individual (infantil ou adulto) ou entre persoas conviventes na categoría Burbulla coa condición indispensable de que sexa nun lugar do Concello de Begonte.

Deste xeito, os participantes poderán presentar a súa proposta cunha fotografía ou mesmo un vídeo cunha duración máxima de 60 segundos.

Os traballos que se presenten ata o 17 de febreiro subiránse ás redes para ser valorados por un xurado. As propostas gañadoras comunicaranse o venres día 19 de febreiro nas redes sociais do Concello de Begonte así como na páxina web www.concellodebegonte.es.

O Virxe do Corpiño instala un sistema anti atragoamento

O colexio Virxe do Corpiño de Begonte instalou no comedor do centro un dispositivo anti atragoamento.

O obxectivo do mesmo é poder ofrecer axuda aos pequenos que se atopan nesta situación e evitar males maiores.

“Agardamos non ter que empregalo nunca, pero, polo menos, quedáanos a tranquilidade de saber que desde o día de hoxe o noso comedor e o noso centro son un pouco máis seguros”, din dende o centro.

10.298 internautas visitaron o belén virtual

No pasado Nadal, un total de 10.298 internautas consultaron a web www.belendebegonte.es, onde se reflectiu a especial actividade do tempo *O Nadal en Begonte*. O período mencionado comprende desde o quince de decembro, punto de partida desta edición do Belén, ata o final do pasado mes de xaneiro.

Ademais destas visitas aos contidos da páxina, hai que engadir as visualizacións a través das redes sociais do pregón virtual do Belén (150) e do Belén virtual (954).

Esta edición número XLIX do Belén de Begonte e as súas actividades, especialmente virtuais pola situación de pandemia, aínda non ten rematado senón que, fallados días pasados os habituais certames culturais (Nacional de Poesía, de Xornalismo, de Debuxo Infantil e Certame Galego de Arte), falta facer a entrega dos correspondentes premios que deberá efectuarse, así mesmo, de xeito virtual.

Por outra parte, O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén, está xa a traballar na edición do presente ano, que será a edición número CINCIENTA, e coincidirá coas celebracións do Ano Santo Compos-

telano, tendo que recordar que o Belén está encravado á beira do Camiño Norte.

O Centro Cultural quere agradecer de xeito moi especial aos medios informativos a súa atención e dedicación, especialmente valiosa neste tempo tan difícil, que constitúe acicate e ánimo para o labor de impulsar o Nadal begontino que ten por centro o Belén, destacando así mesmo o continuo apoio do Concello de Begonte e da Xunta de Galicia.



Unha vista do belén, que este ano foi virtual

REPARTIDOS OS PREMIOS

PERIODISMO. O premio foi para *O Belén de Begonte peregrina aos nosos fogares*, de Santiago Rodríguez López. O segundo foi para *Felicitation navideña del abuelo*, de Jose Reinaldo Pol González (Pepe Pol). Ademais, pola calidade do seu traballo concedeuse unha mención de honra a *El Belén electrónico de Begonte en estas extrañas festas*, de Luis Latorre Real.

POESÍA. O primeiro premio foi para o poema *En Begonte, un día...* de Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero.

O segundo foi para *Perdido na néboa*, de Carlos López Fernández. Houbo mención de honra para *Ano Cero en Belén*, de Rafa Villar e *Un Nadal sen pandemias*, orixinal de Martiño Maseda Lozano.

DEBUXO. Na primeira categoría os primeiros foron para Irene Vázquez Agrelo, Daniela Cabana Lage e Marcelo Villarino Pazos. Os segundos corresponderon a Brais Ulla Rozas, Leo Fernández Menéndez, Bruno Villalba Díaz, Lucy Ruth Hanslip e Claudia Díaz Vázquez. Na categoría

B os primeiros premios foron concedidos a Lucía Martínez Bermúdez, Daniel Ramos González e Alba Torres López. Os segundos foron para Jimena Fernández-Reinante Pérez, Matilda Míguez Isaach, Celia Bellas Fernández, Celia Rivera Fernández e Claudia Pardo González.

ARTE. Manuel Carballeira Rivas, coa obra titulada *Cara adiante*, resultou gañador. Obtiveron mención de honra Santiago Lago co cadro *Llegando a la ciudad*, e Eduardo Pérez, con *Burgo epicromático*.

Roteiros da Carba elabora unha guía sobre a ruta do Batán

A Asociación Roteiros da Carba de Xermade vén de publicar una guía sobre a ruta do Batán de Folgoso, unha iniciativa singular coa que se pretende dar pulo a este tramo natural do termo municipal de Xermade que se adentra tamén en Muras.

A iniciativa xurdiu por parte de Antonio Riveira, presidente desta entidade, que publicou un artigo na revista Hume que soubo a pouco e así comezou o estudo dos distintos enclaves que se poden ver nesta ruta.

Como el mesmo explica, “a ruta ten moito que ver e visitar e tamén moito do que aprender”.

A súa importancia histórica quedou patente cos traballos que se están a facer de recuperación. Como explica Riveira, “dende que comezamos a dar a coñecer esta ruta, xa se fixo unha recuperación de parte dos edificios, de feito colaboramos precisamente nesta cesión financiada polas administracións”.

Riveira lembra o momento no que se fixo unha escavación arqueolóxica buscando carboeiras do século pasado “e atopamos carboeiras



dos romanos, apareceron escorias de ferro antigas o que dá relevancia ao interese da ruta”.

Ademais do traballo do carbón, nesta zona destacan as plantas da luz, “a primeira enerxía que se obtivo na zona”, ademais dos muíños fariñeiros, de moita antigüidade. De feito, Riveira destaca o grupo de casas de Orxás, dos que tamén se fala na guía, “orxo é cebada e o nome fai relevancia á abundancia deste cereal na zona”. Finaliza subliñando que o batán “é algo singular, dos que quedan poucos na nosa xeografía”.

Xermade aprobará en Pleno o crédito para recibir dúas achegas

O Concello de Xermade celebrou o Pleno ordinario en sesión telemática. Entre os asuntos tratados na sección resolutiva estaban dúas modificacións orzamentarias, ambas financiadas con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, magnitude que arroxa un importe de 614.941,63 euros, referido á liquidación do exercicio 2020.

Unha delas é un crédito extraordinario, para facer fronte á achega municipal derivada dun convenio interadministrativo asinado e decembro coa Deputación de Lugo para a adquisición dun camión contraincendios. Grazas a este convenio, a Deputación achega 60.000 euros para este fin, obrigándose o Concello de Xermade a aportar 12.600 euros.

A outra modificación é un suplemento de crédito por importe de 15.325,20 euros para facer fronte á achega municipal ao programa de investimentos do Plan Único 2021, tal como esixen as bases que regulan este plan.

Tamén se levou a Pleno un recoñe-

cemento extraxudicial de crédito por importe de 5.127,98 euros correspondentes a unha factura do 2020 presentada pola empresa encargada das análíticas da auga de consumo humano. Esta factura obedece a unhas mostras de carácter extraordinario que o Concello de Xermade se viu obrigado a realizar a finais de decembro a requirimento de Sanidade. Na sección de control e fiscalización, ademais de dar conta dos decretos da Alcaldía, informouse tamén dos envíos realizados a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, relativos ao 4º trimestre do exercicio 2020, entre os que cabe destacar o Período Medio de Pago a Proveedores, que se sitúa en 13,70 días.

O Partido Popular instou ao goberno local a pedir axudas para realizar a mellora de camiños, así como aclaracións sobre o método a seguir para ordenación de fincas, reivindicaron novas axudas para os máis afectados e preguntaron polo SAF.

O Concello destina ás estradas 211.600 euros do Plan Único

A Xunta de Goberno do Concello de Xermade reuniuse en sesión ordinaria para aprobar a listaxe de investimentos nos que se empregará o Plan Único 2021 da Deputación de Lugo. O importe asignado a Xermade é de 309.748,20 euros, dos cales se destinan a investimentos 222.766,58, a contía máis elevada. Ademais haberá partidas para o programa do SAF, fomento de emprego e para o programa de Protección Civil.

No capítulo de investimentos, a maior contía irá para a reparación de estradas, concretamente nas de Picoucelo, Vilacide, O Rego, Nova, Gandia, A Pinguela, Roupar, A Graña, A Pía, etc, tal e como se establece na normativa. O investimento neste caso será de 105.382 euros e o Concello aportará 13.325 euros a esta actuación nas vías das parroquias. Tamén en reparación de estradas investiranse nunha segunda partida de 80.965,64 euros. Neste caso trátase de vías en Momán, Bidueiro, Pena de Arca, Liñares, Mede e Seixido. Tamén a estradas irá un terceiro



O Concello aportará 13.325 euros ao conxunto do Plan

investimento, para a mellora das beirarrúas de Roupar na súa segunda fase. Aquí o investimento será de 25.270 euros.

Ademais, adecuarase a escola de Lardrela con subministración de ventás, porta e baño portátil, por un importe de 11.185 euros. A última partida estará para a subministración de luminarias para o servizo de alumead municipal, ao que se destinarán

11.890 euros.

Ademais, para o SAF irán 23.403 euros. No capítulo de Emprego, adecuaranse 59.578 euros para obras e servizos de rehabilitación e contratación de persoal dentro do Depuemprego. A este reparto de capital engándense 4.000 euros que irán para Protección Civil, concretamente para vestimenta, equipos de intervención e material.



Concurso de entroido na casa

O Concello de Xermade celebrará este ano o Entroido pero farano dun xeito totalmente diferente debido á crise sanitaria que atravesamos o país. Así, este ano o Entroido será na casa pero haberá concurso de todos os xeitos.

Nesta edición haberá tres categorías para participar no concurso, unidade de convivencia (que consta dun mínimo de dúas persoas), individual de adultos (para maiores de 16 anos) e infantil (individual ou grupos).

Como no podía ser doutro xeito haberá premios para os tres primeiros clasificados en cada categoría.

No de unidade de convivencia irán dende os 200 aos 100 euros, mentres que os adultos recibirán entre 100 e 50 euros. Este será tamén o montante total do pimeiro clasificado en infantil, ao que seguirá o premio de 30 e de 20 euros.

A inscrición para participar xa está aberta e poderá facerse ata o 15 de febreiro enviando un whatsapp con todos os datos e tres fotos e un vídeo dun máximo de 90 segundo ao teléfono 678 744 178.

Tanto as fotos como os vídeos poderán publicarse nas redes sociais e os participantes deberán estar empadroados en Xermade.

Sotavento pecha o ano con 3.518 visitantes

Sotavento finaliza un novo ano de actividades de educación enerxética cun total de 3.518 participantes, unha cifra inferior aos últimos anos pero valoran moi positivamente dada a situación causada pola crise sanitaria do covid-19.

“O impacto na redución no número de visitantes foi menor do que cabería esperar debido ao excepcional arranque do ano. No primeiro trimestre de 2020, as nosas instalacións alcanzaron os mellores resultados de visitas para o mesmo período dos últimos 7 anos, recibindo un total de 88 grupos en apenas 55 días laborables. Esta cifra permitiu amortizar a caída de visitantes causada pola pandemia e fíxonos pechar o ano cun total de 216 visitas e 3.518 participantes”, din.

Os datos significativos acadados en 2020 son 216 visitas e 3.518 visitantes; 18 visitas de media ao mes; 293 persoas de media ao mes e 14 persoas de media ao día; 93% das visitas procedentes de Galicia e 7% doutros puntos de España; 50% dos grupos de carácter técnico; o 63% dos grupos repetían a visita, e a duración media da visita foi entre 2 e 4 horas. Para este novo ano, en Sotavento están a preparar un programa de actividades en liña.

DEPUTACIÓN

O Pleno esixe á Xunta fondos para os afectados pola covid

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia 220 millóns de euros de fondos extraordinarios, que xa recibiu do Estado, para as entidades locais e para os sectores económicos máis afectados polo impacto da pandemia. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xaneiro, que se celebrou por vía telemática, tras unha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e o BNG, e os votos en contra do PPdeG.

En concreto, a institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que inclúa nos seus orzamentos do 2021 cando menos 100 millóns de euros para os concellos, que ata o momento non recibiron nin un só euro extra para afrontar a pandemia, co obxectivo de axudarlles a facer fronte ás competencias impropias que están cubrindo na loita contra a crise sanitaria, e 120 millóns de euros para crear unha liña de axudas destinadas aos sectores económicos máis afectados polas restricións da Covid-19.

A voceira socialista do Goberno da Deputación, Pilar García Porto, explicou no Pleno que esta iniciativa complementa a proposta das deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra que foi trasladada onte ao Clúster de Turismo de Galicia de crear un fondo común de rescate para o sector da hostalería e o turismo ao que a Xunta, as catro



Imaxe da fachada da Deputación, iluminada en verde contra o cancro

deputacións e os sete grandes concellos galegos destinen o 1% do seu Orzamento do 2021. “Nós estamos dispostos a seguir colaborando para apoiar a un dos sectores máis afectados pola pandemia”, subliñou.

Fixo fincapé García Porto en que a suma do 1% dos orzamentos da Xunta de Galicia, das catro deputacións provinciais e das sete grandes cidades galegas permitiría crear e coordinar un gran plan de axudas directas ao sector por importe de máis de 140M€, un importe case tres veces superior aos 50M€ que propón o Goberno galego. Este fondo común estaría máis adaptado ás necesidades e á realidade do sector permitindo outorgar axudas de maior contía a hostaleiros e empresas do sector turístico e unha tramitación máis simple, con menos buro-

cracia, ao tramitarse unha única solicitude.

PLAN DE AXUDAS. A voceira socialista do Goberno lembrou na sesión plenaria que a “Xunta de Galicia non ten presentado nestes meses un plan de axudas concretas para paliar os efectos da Covid nos sectores máis afectados”. Engadiu que a “única iniciativa que puxo en marcha ata o momento foi habilitar unha axuda económica de 22 millóns, unha cantidade que é insuficiente e que non garda relación coas perdas dos negocios, nin co esforzo dos concellos, que non está repartida na súa totalidade e que representa unha porcentaxe ínfima dos fondos extra de loita contra a Covid que lle ten transferido o Goberno do Estado e a Unión Europea á Xunta de Galicia”.



Bombeiros de Vilalba, diante do parque cos traxes novos

Os bombeiros renovan os traxes de protección

Os efectivos dos seis parques comarcais que xestiona o Consorcio Provincial de Bombeiros contan cun novo traxe de protección para realizar as súas intervencións. O presidente do Consorcio e da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, informa da adquisición de 122 traxes para os 117 efectivos por un custo de 156.138 euros. Este novo equipamento está fabricado pola marca inglesa Bristol e faise en tecido PBI, que é moito máis lixeiro e soporta maior temperatura que os materiais tradicionais. Ao menor peso e ao maior nivel de protección cómpre engadir que é un traxe máis ergonómico, como xa puideron comprobar os efectivos durante o procedemento de licitación deste contrato, xa que nunha das

fases de contratación incluíu probas da indumentaria nunha serie de situacións reais de traballo.

Os traxes que viñan usando ata o de agora teñen 9 anos e nalgúns casos puideron conservarse como segundo equipamento para cando os novos estean a reparar ou se vexan alterados por calquera cuestión, así cada efectivo terá 2 equipamentos á súa disposición, concreta o mandatario. Ata o momento os bombeiros vestían un traxe de cor azul escura, e a partir de agora será de cor amarelo, un cambio debido a que esta fibra que levan os novos traxes ten esa cor natural que permite unha maior visibilidade dos efectivos e tamén a detección de calquera mancha ou deterioro no propio tecido.

Exposición virtual sobre as Reservas da Biosfera na web

As trinta instantáneas admitidas no VI Concurso de Fotografía das Reservas da Biosferas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá poden verse nunha exposición virtual na web da Deputación. Esta edición, que tivo como ffo condutor As nosas árbores, busca pór en valor e dar a coñecer o patrimonio natural destas dúas Reservas da Biosfera.

A mostra, entre a que se atopan todas as imaxes participantes na edición do 2019, pódese visitar na área de medio ambiente da páxina web da institución provincial: www.deputacionlugo.gal Entre as fotografías atópanse tamén as tres vencedoras desta edición, que levan por título As árbores, o corazón

das nosas Reservas, Monumento Natural e Green.

A sétima convocatoria do concurso, que versará sobre Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, dará a coñecer as bases nas próximas semanas a través do BOP.

Calendario do National Geographic Unha das imaxes gañadoras do IV Concurso de Fotografía das Reservas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses ilustra o mes de marzo no calendario do 2021 editado pola Rede Española de Reservas da Biosfera, en colaboración con National Geographic. A fotografía, do castro de Santa María de Cervantes, foi realizada por Óscar Doral e leva o título de *Ocaso Castrexo*.

Crean un novo espazo 3.0 para maiores

A Deputación de Lugo abriu unha páxina en Facebook de Maiores Lugo 3.0, co que se promove o uso das novas tecnoloxías entre os lucenses de máis de 55 anos, así como a súa autonomía persoal. O obxectivo é que os maiores da provincia poidan seguir activos desde as súas casas mentres non sexa posible impartir a programación habitual de cursos presenciais por mor da pandemia da covid-19.

Esta iniciativa formativa e interactiva está dirixida especialmente aos maiores, aínda que está aberta a todas as persoas que queiran participar, xa que os seus contidos poden interesar a calquera cidadán, independentemente da súa idade. Deste xeito, facilítase unha nova vía para que os maiores, que en moitos casos viven sós, poidan seguir en contacto nestes tempos



Unha das imaxes antigas do banco

nos que a Covid-19 lles impide asistir a cursos e obradoiros e ven reducido ao mínimo os seus contactos presenciais.

O novo espazo, que xa está funcionando, publica todos os días contidos audiovisuais, xogos, adiviñas e

pasatempos para exercitar a mente, así como tutoriais sobre aplicacións e ferramentas tecnolóxicas para aproveitar ao máximo o uso das TICs. Ademais, estanse a compartir fotografías antigas do banco provincial de recordos.

TERRA CHÁ

A Uned abre un novo prazo de matrícula

A Uned de Lugo abriu un novo prazo de matrícula. Este período está habilitado para a matriculación do segundo cuadrimestre do curso 2020-2021 ao que poderán acollerse os estudantes que cumpran as condicións específicas en estudos de Grao, Microgrado e algúns títulos de Posgrao Oficial, ata o 10 de marzo.

Igualmente, poderanse matricular os estudantes que queiran realizar a Proba Libre de Acceso para Maiores de 25 e 45 anos, do 1 de febreiro ao 11 de marzo.

A Uned de Lugo ofrece a posibilidade de acompañar ao estudante no proceso de matrícula a través de apoio informático e orientación personalizada. Pódese concertar cita previa no teléfono: 982280202.

Tamén está aberto dende o xoves o segundo prazo de matrícula para materias do segundo semestre da Uned Sénior da Coruña. O prazo está aberto ata o próximo 15 de marzo, tamén para aqueles que queiran ampliar matrícula.

O programa formativo Uned Sénior está dirixido a persoas maiores de 55 anos que, con independencia da súa formación, estean interesadas en enriquecer os seus coñecementos sen exames. O obxectivo é ofrecer unha modalidade aberta a persoas que buscan unha formación continua, mellorar a súa calidade de vida, ampliar os seus coñecementos e fomentar as relacións interpersoais.

Guitiriz entra na zona vermella

No momento no que en toda Galicia a covid entra en retroceso, o Concello chaieiro loita contra un gromo

A comarca da Terra Chá, en consonancia co resto da provincia e tamén de Galicia, está en tempo de baixada da curva da incidencia da covid. Malia que a situación está bastante controlada a nivel xeral, Vilalba segue a ter un elevado número de contaxios. Varios cribados entre a poboación e as duras medidas impostas pola Xunta de Galicia en toda a comunidade autónoma conseguiron comezar a dobrigar a incidencia, que aínda está moi alta.

Preocupa tamén Guitiriz, onde ata a data de hoxe e dende o inicio da pandemia non se produxo ningún gromo importante. Agora, cando a tendencia está á baixa, o Concello loita con unllas e dentes por non deixar ir as cifras e recuperar a boa tendencia.

Suspendeuse todo o que conlevaba algún tipo de reunión, como o mercado e no colexio tomáronse medidas de reforzo, pero aínda así, todavía está en fase de expansión malia que controlada.

No resto de concellos a situación está bastante estable con casos significativos en Cospeito e Castro e mesmo en Begonte, pero sen repuntes no número de infectados.

AS MEDIDAS. Ata o 17 de febreiro permanecen activas varias medidas de control do virus en toda a comu-



Imaxe do cribado realizado en Guitiriz

nidade autónoma.

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, anunciou o 25 de xaneiro un endurecemento das restricións en Galicia para atallar o empeoramento de datos da pandemia tralo Nadal. As medidas entraron en vigor esa semana coa intención de continuas ata Entroido. As novas restricións impostas pasan por só poder reunirse con conviventes, pecháronse perimetralmente todos os municipios e o peche total da hostalaría, agás servizo a domicilio.

O comercio non esencial só pode abrir ata as 18.00 horas e os centros comerciais pechan as fins de semana. Supermercados, farmacias, gasolineras son consideradas actividades esenciais e poden ter horario normal.

Tamén se fixo un parón nas universidades aproveitando o cambio de cuadrimestre, e a primeira semana, o ensino foi on line. As escolas infantís, colexios e institutos seguen funcionando con normalidade.

Tamén pecharon museos, bibliotecas e centros de espectáculos así

como os ximnasiais. A actividade deportiva continúa restrinxida só ás competicións nacionais e só se permite o deporte individual e sempre con máscara. Os adestramentos en grupo quedaron tamén prohibidos. Finalmente, o toque de queda mantívose ás 22.00 horas malia as peticións da Xunta.

PLAN DE RESCATE. Un total de 1.420 hostaleiros da provincia de Lugo acolléronse a algunha das tres liñas contempladas no primeiro plan de rescate da Xunta de Galicia, no que se investiron 4,3 millóns de euros no reparto de 2.803 axudas concedidas. A cidade de Lugo foi a que percibiu un maior número de axudas, 912 en total, o que supuxo un investimento de máis de 1,7 millóns de euros, a maioría corresponden á liña de autónomos.

Dos 4.297.450 euros dedicados a responder ás solicitudes de toda a provincia Vilalba concello rexistrou 154 beneficiarios que percibiron algo máis de 267.000 euros.

O Goberno galego anunciou que está a traballar no deseño do segundo Plan de rescate para autónomos, microempresas e sector da hostalaría pechado, aos que a Xunta destinará un mínimo de 50 millóns de euros adicionais, que se suman aos 86,2 millóns da primeira convocatoria.

O 2020 trouxo unha redución na sinistralidade das estradas

As vías interurbanas de Galicia rexistraron en 2020 o menor número de falecidos por accidentes de tráfico desde que existen rexistros oficiais. Un total de 70 persoas perderon a vida nas estradas galegas, 18 menos que no ano 2019, un 8% menos que no ano anterior (88 falecidos) e un 25% inferior á media dos últimos cinco anos. Segundo o balance anual, dez anos antes a cifra de falecidos chegou a 179, e no 2000 perderon a vida 473 persoas. Sen dúbida estas cifras están marcadas pola redución da mobilidade viaria a causa da pandemia da covid-19 e o período de confinamento domiciliario, pero as esperanzas dos expertos é que estos descensos acadados poidan consolidarse neste ano. A maior baixada deuse no acceso ás cidades mentres que



a circulación interprovincial se veu menos afectada.

O ano 2020 veu tamén reducións significativas no número total de accidentes rexistrados con vítimas, accidentes mortais e feridos, de carácter leve o grave. Nas vías interurbanas rexistráronse o ano pasado 2.020 accidentes con vítimas, un 26% menos que o ano anterior (2.783 accidentes) dos que 67 foron accidentes con falecidos, un 19%

menos que en 2019 (83 accidentes mortais). No que respecta aos feridos, os sinistros na estrada ocasionaron 327 feridos graves (19% menos que en 2019) e 2.589 feridos leves (32,2% menos).

Por provincias, o maior descenso deuse na Coruña, cunha diminución da sinistralidade mortal do 36% seguida de Lugo. Pontevedra rexistrou a mesma sinistralidade mortal que o ano anterior mentres que Ourense representa o lado contrario ao sumar unha vítima mortal ás cifras de 2019.

Na liña co habitual das estatísticas, o 88,5% dos accidentes mortais de 2020 deuse en vías convencionais e preto da metade destes sinistros foron causados por saídas de vía seguido polas colisións nas súas diversas variantes.

Convocan axudas para persoal dos obradoiros de emprego

A Xunta convocou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a orde de axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego para a edición 2021-2022. Xa está publicado o programa dirixido aos menores de 30 anos, polo que o prazo de solicitude para acceder a estes apoios estará aberto ata o 2 de marzo.

Doutra banda, o DOG tamén publicou os apoios para os obradoiros duais, para os que tamén está aberto o prazo de solicitude. En global, entre as dúas iniciativas, a Xunta investirá máis de 30,2 millóns de euros co obxectivo de que 1.500 persoas sen emprego amplíen a súa formación ao tempo que acceden a un contrato de traballo. A previsión da Administración autonómica é poñer en marcha, en colaboración cos concellos e as entidades sen ánimo de lucro do sector forestal, un total de 81 programas. Con respecto á convocatoria do pro-

grama de emprego para persoas mozas menores de 30 anos, a Consellería de Emprego e Igualdade investirá máis de sete millóns de euros para a posta en marcha de 19 obradoiros que beneficien a preto de 300 mozos e mozas de 18 anos o máis inscritas e en situación de beneficiarias no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Os participantes, ademais de recibir formación de calidade, contarán cun contrato de traballo de 12 meses. Os proxectos poderán ser promovidos por concellos, mancomunidades de concellos e entidades públicas dependentes ou vinculadas a concellos ou mancomunidades. Estes programas tamén inclúen a posibilidade de que os alumnos e alumnas, ao remate dos obradoiros, poidan optar a un contrato laboral nunha empresa da contorna durante un mínimo de seis meses a xornada completa para ocupacións nas materias impartidas na fase de formación.

Continúa a loita da Comisión Contra as Minas

No mes de xaneiro o TSXG ratificou a negativa ante o recurso que Erimsa presentou para obter as licenzas

A Comisión Contra as Minas na Terra Chá continúa loitando para frear á multinacional chinesa de Explotaciones de Rocas Industriales y Minerales SA (Erimsa). O pasado mes de xaneiro, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ratificou a negativa aos proxectos de extracción de cuarzo na Terra Chá por parte da multinacional. Estas sentenzas foron ditadas tralos recursos presentados por Erimsa despois de que en xaneiro do 2020 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo xa desestimara as pretensións da Empresa. Como explica Margarita Ledo Andiñón –integrante do Sindicato Labrego Galego, unha das asociacións máis activas da Comisión Contra as Minas na Terra Chá–, “a empresa pretendía que lle reabriran o caso e o que lle di agora o xulgado é que non se pode facer”. A multinacional presentara ditos litixios ao Concello de Cospeito para reactivar o procedemento que iniciara en 2008 –xa caducado– e obter as licenzas para comezar a súa actividade no territorio cospeiteño. Sen embargo, a empresa continuaba a día de hoxe sen contar cos informes sectoriais favorables dos diversos departamentos pertinentes da Xunta de Galicia. A nova sentenza recalca que é incuestionable que o expediente de autorización autonómica rematou nunha resolución firme desestimatoria e, ademais, que lle impón as costas do litixio á empresa mineira.

O TRABALLO DA COMISIÓN. A orixe destes feitos remóntase ao ano 2006, cando o Diario Oficial de Galicia fai públicas tres concesións mineiras para a extracción de seixo, a favor da multinacional Erimsa, sobre 6000 hectáreas nos concellos de Cospeito, Castro de Rei, A Pastoriza, Vilalba, Abadín e Riotorto. Ante as consecuencias negativas que podería traer consigo esta extracción mineira, creouse a Comisión Contra As Minas da Terra Chá, co fin de paralizar calquera actividade extractora que puidera alterar

a capacidade agronómica de ditos concellos lucenses e o seu rico patrimonio cultural e natural. Carlos Montero, integrante da mencionada organización, explica que “debuxo da Terra Chá hai unha capa de seixo que une todos os ríos da comarca e impide que se produzan inundacións no inverno, á vez que humedece os campos no verán. É unha zona moi válida para o cultivo e a herba”. Unha realidade recollida en moitos traballos de catedráticos da USC como Francisco Díaz-Fierros nos que se deixa entrever a perigosidade do impacto ambiental dos proxectos de Erimsa, pois, como apunta a comisión “toda a economía da Terra Chá depende indirecta ou directamente do solo. Se sacan o seixo destrúen a vida da comarca”. Esta entidade, conformada por colectivos agrogandeiros, comunidades de regantes, agrupacións deportivas, culturais e veciñais, ademais de representantes políticos de tódolos partidos, confórmasse agora por un total de 26 asociacións. Dende a súa estruturação puxéronse mans a obra informando á veciñanza da gravidade da situación, organizando manifestacións e actos públicos reivindicativos e levando a cabo un intenso traballo xurídico tralo que seguen loitando a día de hoxe. “Presentamos a cada un dos proxectos máis de 2.000 alegacións de distinta xente á que lles afectaba a situación económica e éticamente”, apunta Carlos Montero.

No 2008, dous anos despois da publicación das concesións e da creación da Comisión, a empresa mineira solicitou as licenzas urbanísticas e de actividade aos concellos de Cospeito, Castro de Rei e A Pastoriza, os cales non contestaron á petición. A multinacional entendeu o silencio administrativo como unha concesión das licenzas. Tendo en conta a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, a Comisión Contra As Minas fixo unha instancia afirmando que non cabía entender o devandito silencio dos Concellos como unha

licenza. Erimsa respondeu presentando un recurso no xulgado de Lugo e demandando aos Concellos pertinentes.

En 2016 denegáronse as licenzas municipais para as concesións dos terreos Alicia e Karles en Castro de Rei e Cospeito, despois de que xa se denegara a autorización autonómica. A nova sentenza do TSXG neste comezo do 2021 ratifica a negativa ante a reapertura do caso para poder iniciar a súa actividade, pero aínda quedan por pechase varios recursos, Margarita Ledo comenta que “hai varios contenciosos pendentes, aos que os sindicatos fomos chamados a acudir e xa están vistos para sentenza”.

O que busca agora mesmo a Comisión é que se declaren as caducidades das concesións xa que, como explica Margarita, “duran 30 anos, pero se non se inicia a actividade nun período dun ano deberían comezar os trámites para desestimalas, pero non se fai”. Mentres a empresa aínda teña en vigor as concesións mantense a posibilidade da extracción, como comenta a integrante do Sindicato Labrego Galego, “a normativa do solo cambia case cada ano e Erimsa está agardando a que lle saia unha oportunidade que lle permita comezar a súa activida-



Unha das derradeiras xuntanzas da Comisión antes da pandemia e unha das manifestacións realizadas contra as minas

Os Concellos tamén amosan a súa negativa ante os proxectos de Erimsa

No ano 2019 os máximos representantes das administracións públicas de Abadín, Castro, A Pastoriza e Cospeito, reuníronse coa Comisión Contra As Minas da Terra Chá para expresar a súa desconfianza ante os proxectos de Erimsa.

Os alcaldes explicaron a súa negativa ante a explotación do seixo, argumentando que o impacto que causaría o exercicio da multinacional podería ter graves

consecuencias na capacidade agronómica dos prados, posto que estes terreos correrían o risco de ser deteriorados sen posibilidade de repoñelos ao seu uso natural.

Engadiron, ademais, que o seu traballo se baseaba no impulso de políticas que estimularan un maior acceso da base territorial das explotacións das súas localidades para favorecer a rendibilidade do sector gandeiro da Terra

Chá. A día de hoxe, Primitivo Iglesias, alcalde da Pastoriza, expresa que segue a manter a mesma postura ante dita situación e que a derradeira sentenza causoulle “satisfacción”, debido a que os rexentes teñen “que mirar polos intereses dos veciños e veciñas, e A Pastoriza vive das explotacións agrogandeiras”. Iglesias afirma que en canto se teña a ocasión volveránse reunir para seguir estudando o avance da situación.

A pesca comeza o 21 de marzo

A tempada de pesca para o ano 2021 na Comunidade autónoma galega comezará o vindeiro 21 de marzo e rematará o 31 de xullo, con carácter xeral. Tal e como se recolle na resolución publicada, o período hábil para a pesca do salmón irá dende o 1 de maio ata o 31 de xullo, pero poderá adiantarse o remate da temporada en función das cotas de captura. Nos tramos compartidos do río Eo e nos

coutos do río Ulla a tempada rematará o 30 de xuño. A cota de captura está establecida nun exemplar por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 40 centímetros. Este ano védase o couto de Monteporreiro no Lérez, e a cota anual no río Ulla establécense nos 40 exemplares. No río Mandeo os exemplares serán 5, 15 no río Masma, 8 no río Miño, e 10 no couto de Salmeán.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA LAS COMBINACIONES
REVUELTOS DE BAPFIL ALCO POCAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS RA...
ALCO...
VOLVEREMOS MUY PRONTO
TAPAS

AGRO

Abre o prazo para solicitar as axudas da PAC do pasado ano

O Diario Oficial de Galicia publicou a orde da Consellería do Medio Rural que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da PAC. Os gandeiros e agricultores poderán presentar a solicitude única dende o vindeiro mes de febreiro ata o 30 de abril, accedendo directamente cun certificado dixital á aplicación informática SGA ou acudindo ás distintas entidades colaboradoras.

O orzamento previsto para esta convocatoria elévase aos 205 millóns de euros, dos cales 170 millóns correspóndense cos pagamentos directos da PAC e 35 millóns de euros coas medidas de desenvolvemento rural (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en terras non agrícolas).

Prevese que uns 26.000 agricultores e gandeiros soliciten estas achegas, que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e que son de gran interese para o sector primario. Grazas a estas axudas conséguense reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se potencia os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente.

A Consellería do Medio Rural vén

de pechar todos os detalles da campaña da PAC 2021 coas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) e coas máis de 50 entidades colaboradoras que se encargarán de tramitar as solicitudes de axuda en Galicia. Así, mantivéronse encontros telemáticos cos bancos e coas entidades de aconsellamento que prestarán apoio ás persoas interesadas nestas achegas, xunto coas asociacións agrarias ou as organizacións profesionais do sector.

NOVIDADES. Nesta campaña, cabe resaltar novidades como que os interesados poderán descargar diferentes aplicacións electrónicas para informarse sobre as axudas da PAC, consultar as súas solicitudes, facer alegacións e mesmo realizar fotografías xeorreferenciadas cando sexa necesario para completar algún dos procesos precisos para a concesión das achegas.

A maiores, continúa a implantación do sistema de control coñecido como monitorización que será obrigatorio na nova PAC e que consiste en utilizar as novas tecnoloxías e as imaxes de satélites para realizar un seguimento de todas as superficies declaradas no 100% das solicitudes, co obxectivo de determinar se existe actividade agraria. Así, nesta campaña o Fogga estenderá a monitorización a 24 concellos máis de toda Galicia, entre eles os chairesos Friol, Outeiro de Rei e Rábade.

Varias organizacións únense en contra do Plan Forestal da Xunta

Unha fronte de organizacións sociais, ecoloxistas, agrarias e sindicais veñen de iniciar unha campaña de rexeitamento á primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG), que se comezará a debater no Parlamento Galego o vindeiro 23 de febreiro.

A primeira das accións para tentar frear o texto que se debaterá para a súa aprobación foi un encontro co Grupo Parlamentario do Partido Popular para presentar-lles un decálogo de razóns polas que esta revisión do PFG non debería ser aprobada.

De feito, lonxe de chegar a un acordo, concretáronse máis reunións, nesta ocasión co resto de grupos políticos, que tamén manifestaron a súa negativa ante o Plan.

No encontro, fíxoselles entrega das alegacións que se fixeron ao Plan Forestal por parte de setenta organizacións sociais en 2018 e o texto do Manifesto por un Monte Galego con Futuro de 2019. A maiores, tamén se lles expuxo o contido do decálogo no que se enumeran as razóns polas que rexeitan na súa integridade a primeira revisión do Plan Forestal que pretende aprobar o Partido Popular no Parlamento de Galiza.

Segundo explican este texto fai unha diagnose ficticia da situación do monte galego e dun inventario forestal irreal e desfasado con datos do 2009. Po outra banda asegurna que carece de consenso social xa que na súa tramitación non se viron representados todos os axentes sociais



O colectivo presentou un decálogo de razóns contra o PFG

vinculados ao monte e ao medio rural.

Engaden tamén que esta lei “responde unicamente a intereses produtivistas e de carácter privado”. Indican que fomenta o monocultivo e o aumento de especies pirófitas e invasoras. Nesta liña aumenta aínda máis a superficie ocupada por eucaliptos.

Así mesmo considera este grupo que promove a forestación de terras agrarias, ao deixar en mans de empresas madeireiras e forestais máis de 150.000 hectáreas destes terreos e favorece a “a vulnerabilidade do monte galego fronte ao cambio climático” así como a “proliferación e intensificación dos lumes forestais e a privatización da loita contra os incendios”. Aseguran que non formula solucións para as causas dos incen-

dios e segue primando o investimento na extinción fronte a prevención.

Para este colectivo outro dos erros do plan é que “agrava a situación de abandono e desertización do rural galego, impedindo o desenvolvemento dun monte multifuncional que xere riqueza e recursos diversos para as persoas que viven e traballan no rural. Desbota unha vez máis a oportunidade de apostar por un modelo de montes sustentábel, pola madeira de calidade e polo peche dos ciclos produtivos dos distintos aproveitamentos do monte”.

Finalmente, cren que este novo sistema alenta a desaparición dos montes veciñais en man común, “favorecendo a súa privatización e a eliminación do carácter xermánico da titularidade veciñal.

ELISARDO BARCALA



Novos premios ao cooperativismo

A Xunta publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) as convocatorias para este ano dos Premios á Cooperación e do certame de Cooperativismo no Ensino, dúas iniciativas coas que recoñece o labor e esforzo das cooperativas galegas e difunde e promove o cooperativismo e os seus valores entre o alumnado de Galicia.

Os Premios á Cooperación teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que as cooperativas veñen realizando a favor do desenvolvemento do movemento cooperativo en Galicia. Concédense por concorrencia competitiva e poden optar as cooperativas galegas que realizen un destacado labor no eido do cooperativismo. Será requisito necesario para participar estar ao día nas obrigas rexistras co

Rexistro de Cooperativas de Galicia e non poderán resultar premiadas aquelas cooperativas galardoadas en anos anteriores cando os méritos alegados sexan substancialmente os mesmos.

As modalidades deste ano son tres, os valores cooperativos, que inclúe como novidade este ano unha mención ás cooperativas que teñan apoiado a Galicia fronte á covid-19; ao mellor proxecto cooperativo novo; e á traxectoria cooperativa. Cada un destes galardóns está dotado con 5000 euros. O prazo para presentar as solicitudes abriuse o martes 2 de febreiro e rematará o próximo 30 de abril.

É preciso lembrar que a celebración destes premios tivo que anularse o pasado ano como consecuencia da crise sanitaria, polo que aquelas cooperativas que tivesen presentado

solicitude de participación na convocatoria de 2020 poderán participar este ano cos méritos alegados en 2020 sen que sexa necesario achegalos novamente, facendo constar na solicitude que documentos xa foron presentados con anterioridade.

Máis polo miúdo, o Premio á mellor cooperativa nova, concédese a aquela que teña unha antigüidade igual ou menor a 42 meses (tres anos e medio), e que destaque nas súas achegas nos aspectos sociais, económicos, culturais ou ambientais. O Premio á traxectoria cooperativa vai dirixido a aquela que teña unha antigüidade maior de 42 meses, e que teña destacado pola súa traxectoria no ámbito económico e social.

O premio aos valores cooperativos outorgase á cooperativa galega que máis teña destacado no impulso dos valores e principios cooperativos.



Convocadas as axudas para mellorar o status das explotacións

Aberto o prazo para solicitar varias axudas no sector

O Diario Oficial de Galicia publicou durnate o último mes numerosas ordes da Consellería do Medio Rural polas que se convocan diferentes axudas. Algunhas das que hai activadas son:

- Axudas para a creación de superficies forestais con especies de coníferas e frondosas, coas que se prevén plantar arredor de 4.000 hectáreas de monte galego.
- Axudas para o apoio ás actividades de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, realizadas por grupos de produtores no mercado interior no exercicio 2021.
- Primas de mantemento das forestacións para os titulares de plantacións forestais con subvencións xestionadas pola Xunta antes do 31 de decembro de 2020.
- Axudas agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) para mellorar o status sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zoonosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais.
- Bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios e se convocan estas achegas para o ano 2021.

Xiardiase

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar dunha enfermidade parasitaria, causada polo parásito, un protozoo chamado *Giardia lamblia* é un parásito que coloniza e se reproduce no intestino delgado, causando diarreas e causando unha enfermidade coñecida como xiardiase. As principais orixes da infección en humanos e animais (recorde-mos que tamén é unha zoonose) son a inxestión de auga non debidamente tratada, o que é especialmente común en países subdesenvolvidos economicamente pero tamén pode haber en augas naturais contaminadas en zonas gandeiras. A xiardiase adoita ser unha causa corrente de diarrea nos cans, que afecta de xeito especial a cachorros e os adultos cun sistema inmune deficiente. Isto é importante, xa que os cans sans e que non están inmunodeprimidos poden contraer ao parásito, pero a infección en moitos casos transcorre sen presentar os signos clínicos asociados a esta enfer-

midade que son: vómitos, diarrea ou a perda do apetito. Eses animais son os coñecidos como asintomáticos, aínda que estean clinicamente diagnosticados, as súas feces poden seguir sendo foco de infección para outros cans.

Nos cans a sintomatoloxía é:

A diarrea, particularmente rechamante xa que se produce cun gran volume de feces mucosas e ás veces sanguinolentas, dunha cor clara e cun cheiro moi desagradable, e perceptible. Estes episodios de diarrea tamén poden presentarse de forma aguda ou ben crónica, e de xeito intermitentemente

Ruídos intestinais.

Inflamación e dor abdominal.

Perda de apetito ou non querer comer.

Perda de peso, aínda cando o apetito do can sexa normal, xa que o organismo non pode aproveitar todos os nutrientes do alimento. (feito que é común as infestacións parasitarias intestinais)

Vómito.

Se a infección persiste e non se trata a tempo de xeito axeitado, pode ser causante de severos problemas gastrointestinais como: Enfermidade Inflamatoria Intestinal (IBD)

Diarrea crónica

Malabsorción (a incapacidade de absorber certos nutrientes do alimento).

Ademais, o can probablemente terá problemas para gañar peso e mantelo, debido a que este parasito lesiona os enterocitos (as células que se encargan da absorción dos nutrientes) e altera o proceso normal da dixestión do alimento. Tamén existe o risco de deshidratación do can.

Para evitar que se contaxie a nosa mascota, debemos:

Non permitir que o can beba auga se non sabemos que é totalmente segura, por exemplo non deixarlle beber auga en pichocos ou augas estancadas, e se imos de paseo levar auga embotellada e un bebedeiro portátil.

Corrixir o hábito de cheirar ou inxerir feces doutros cans, isto é moi importante cando son cachorros xa que é o grupo de maior prevalencia na infección de giardia.

Manter unha correcta hixiene tanto dos nosos cans como dos seus utensilios (cuncas de comida e de auga, toallas, camas e mantas) Lavarnos as mans, se é posible, tras acariñar ou xogar con outros cans, Cumprir o programa de desparasitacións internas e externas do can recomendado polo noso veterinario.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COSEPITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADE Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02	CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11	XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335

E-mail: redaccion@terrachaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións SL

Dep. Legal: LU-517-03

ISSN 2660-4507

DEPORTES

O CD As Pontes incorpora tres novos xogadores

Brais Vázquez encargárase de cubrir a baixa de Paco Fernández na meta do As Pontes despois de que este sufrira un golpe na faciana que lle provocou unha rotura de pómullo, que requirirá de cirurxía e que o manterá alonxado da actividade polo que resta de tempada.

O porteiro, de 20 anos de idade, chega cedo procedente do Polvorín, filial do Lugo e co que foi convocado para cinco partidos do campionato ligueiro do subgrupo 1-A de Terceira División. O gardamallas espera atopar no Poboado os minutos dos que non dispuxera na súa anterior etapa para, desta maneira, dar un paso adiante na súa traxectoria futbolística. A súa chegada coincidiu coa anulación do primeiro partido que ía disputar por mor dun caso de coronavirus detectado no equipo pontés polo que non puido debutar, como se esperaba, ante o Vilalbés.

Por outra banda, Manu Moya, que se vira obrigado a abandonar o club por motivos persoais, confirmou a súa reincorporación á plantilla de Chollas no que será un importante



Cristian Quintás Gómez

reforzo de cara ó que resta de tempada.

A dirección deportiva confirmou tamén a incorporación ao club de Cristian Quintás Gómez, dianteiro procedente do San Tirso SD e que xa militou no club local no seu tempo como xuvenil.

O xogador, que xa pasou os trámites administrativos será presentado nas instalacións do Poboado aínda que non puido debutar debido a un novo aprazamento, e xa son 3, do partido da Liga regular debido á detección de casos de covid.

Fichaxes no fútbol sala

CASTRO. Alejandro Núñez Núñez, Álex, pasa a formar parte do corpo técnico do Bloques Cando FSF Castro, segundo comunicou o club.

Álex, formado como coach deportivo, chega ao club para que as coñecidas como Mulleres Guerreiras consigan o seu máximo rendemento. Tras moitos anos dedicados ao Atletismo de alto nivel, chegando incluso a formar parte do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra e sendo medallista autonómico en todas as categorías, Álex decantouse polo Traballo Social e logo polo Coaching Deportivo.

VILALBA. Marcos Failde, porteiro con experiencia en equipos coma Culleredo, GR9 ou o Esteo, vén reforzar a xoven portería do Vilalba FS na liga de Terceira División para e axudaralles a Tini e a Chafa a continuar a súa progresión baixo paus. O porteiro tivo un debut espectacular parando 3 dobres penaltis no segundo tempo. Súmase tamén a todos os cambios producidos no equipo esta tempada.

Respecto á tempada anterior o Valdesuso Peugeot Vilalba FS tivo as baixas de Iago, Asier, Jose López,

Pablito Villar, Xosé e Ayalita. Por outra banda, renovaron Juan Rive-ro, Nuno, Iván Gago, Antón, Aitor, Paulo e Chafa que rematou a etapa de xuvenil, a eles hai que engadir as incorporacións de Coe, Fede, Iago Fariñas, Mario e Isma aínda que non se descarta algunha outra fichaxe. Facendo a pretempada tamén están tres xogadores do equipo xuvenil: Adrián, Hugo e Tini. Outra novidade no corpo técnico é a incorporación de Leo e Miguel para axudar ao adestrador Quini o cal comeza a súa segunda tempada no banco vilalbés.


DVSPORT. Esteban Díaz incorpórase ao Corpo Técnico de Lago DVSPORT para realizar as funcións de preparador físico nos equipos sénior e xuvenil, e tamén colaborará na Escola de Base. Únese así ao equipo que dirixe Diego Paz e Senén Bouza.

O corpo técnico para as categorías inferiores está formado por Pedro, Vázquez, Diego Pellón, Deni Martínez, Hugo Ferreiro, Jairo Campo, Pablo Fernández, Rebeca Silvén, Jacobo Barro, Dani Purriños, David Carballo, Santi Rouco, Javi Meizoso, Iván Pellón e Kevin González.

Rábade fai virtual o Memorial Eduardo Fernández Villamarín

O Concello de Rábade decidiu seguir adiante coa celebración do Memorial Eduardo Fernández Villamarín malia a situación sanitaria pero, para iso optou este ano, na súa XVIII edición, por realizar unha carreira de maneira virtual que comezou o 24 de xaneiro e se prolongará ata o 28 de febreiro.

A distancia é un percorrido libre a elixir por cada atleta na súa categoría. Co fin de facilitar a realización da carreira, e dadas as restricións de mobilidade ocasionadas pola pandemia da covid xa existentes en determinadas áreas, e aquelas que poidan xurdir, desde a organización non se propoñen percorridos sobre os que competir, debendo ser o participante o que elixa o percorrido ou percorridos sobre os que participar, e sendo o único responsable de cumprir coa normativa e protocolos covid no lugar de realización do mesmo. Ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria.



A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina e as inscricións para todas as competicións serán ata o domingo 14 de febreiro na páxina web oficial do evento. A inscrición é de balde en toda as categorías.

Establécense cinco categorías, Mini (para nados en anos posteriores o 2017 de 80 metros), A (para nados entre 2013-2016 de

600 metros), B (para nados entre 2009-2012 de 1.200 metros), C (para nados entre 2005-2008 de 1.800 metros), e absoluta (para maiores de 16 anos que ten 7000 metros).

Este ano os premios consistirán nun sorteio de 50 vales de 50 euros a gastar no comercio de Rábade entre todos os que rexistren actividade.

Para realizar e medir a actividade pódese usar calquera dispositivo dos habituais (GPS, calqueira aplicación móbil de running, cronómetro ou facelo nunha cinta de correr). So hai que estar pendente de controlar a distancia e parar o tempo para posteriormente proceder ao rexistro. Unha vez realizada a actividade haberá que rexistrala no prazo e datas indicadas na web oficial do evento, picando no botón Rexistro de actividade identificando o dorsal e a data de nacemento. Solicítase tamén unha proba gráfica da carreira (captura do track, display do GPS, ou o que creas máis conveniente.

Carlos Yobani recibe unha achega da Deputación

Un total de 178 deportistas recibirán este ano as achegas da Deputación, que oscilan entre os 300 e os 1.500 euros en función dos méritos deportivos acreditados, entres os que se atopa o loitador vilalbés Carlos Yobani.

As bolsas benefician a deportistas empadroados na provincia, con licenza federativa e menores de 35 anos, de diferentes modalidades: atletismo (67), piraguismo (26), pentatlón moderno (19), tiro olímpico (12), natación (10), judo (10), taekwondo (9), karate (7), hípica (4), surf (3), squash (2), kickboxing (1), tenis (1), ximnasia (1), billar (1), triatlón (1), bolos (1), remo (1), orientación (1) e loita (1).

As contías establécronse en función dos logros deportivos, tendo como referencia os postos acadados en campionatos e ránkings mundiais, europeos, españois, galegos ou provinciais ao longo de 2019.

Así, as maiores contías -entre 1000 e 1500 euros- recibíronas



Carlos Yobani

atletas como Jairo Salgueiro, Manuel Hurtado, Adiaratou Iglesias, Adrián Ben, Saleta Fernández ou Nuria López; o triatleta Esteban Basanta; o taekwondista Daniel Areán; o piraguiста Ramón González; o loitador Carlos Yobani; as pentatletas Mercedes Vila, Andrea Vidal, Thalia Abiba Oyono e Manuel Fernando Cobas; e o xogador de billar Francisco Doval.

A Federación de Orientación celebra na comarca tres das súas competicións

A Federación Galega de Orientación vén de presentar o seu calendario de citas deportivas para o ano 2021 e no que tres delas desenvolveranse na Terra Chá.

A primeira competición está prevista para o 17 de abril organizada polo club Fluvial en Abadín. Será a cuarta proba das oito que forman parte da XXX edición da Liga Galega de Orientación a pé. No mes de xullo, concretamente o día 10, está prevista a primeira proba da primeira Liga Galega de Trail de competición que estará a cargo do club Liceo e que se prolongará en catro probas ata o 27 de novembro.

Finalmente, o 16 de outubro, en Guitiriz, terá lugar a última xornada do campionato galego de orientación en bicicleta MTBO, unha cita que se combinará coa celebración da última proba da novena Liga Galega desta disciplina.

Estas citas estarán supeditadas á evolución do virus.

Unha aposta pola canteira vermella

O SD Pol saca adiante, en plena pandemia, un equipo xuvenil de fútbol que xa está a adestrar

Por Claudia López

Fai máis de 40 anos comezaron a vestirse as camisetas vermelhas da SD Pol. Daquelas, lideradas polo primeiro presidente do club, un Manuel Luna que anos despois daría nome ao seu mítico estadio local no que agora conducen o balón. O seu conxunto máis representativo foi sempre o da categoría sénior, que dende a tempada 2018-2019 milita na Primeira Autonómica. Os veteranos, actualmente na División de Honra, tamén teñen o seu papel na sociedade deportiva. Anos atrás, o Pol contou con equipos de canteira, cadetes na tempada 99/00 e xuvenís en seis campañas, sendo a última a de 10/11. Agora púxose sobre a mesa un proxecto máis ambicioso para que a forxadura da canteira perdure no tempo. Unha das pezas fundamentais para as vindeiras intencións do SD Pol é Alberto López. O experimentado técnico lucense chegou esta campaña para facerse cargo do primeiro equipo e máis para exercer de Director Deportivo. Coa súa capacidade e máis coa aposta do Concello de Pol polo fútbol, esperase poder transformar a realidade da sociedade deportiva en pouco tempo, apostando polo deporte base. Como explica López, “o que temos en mente é crear unha canteira para que nuns anos ao menos o 30% dos xogadores da Autonómica sexan do propio municipio”.

Para a próxima tempada queren formar un equipo de cadetes, para o que xa teñen rapaces

EQUIPO XUVENIL. Para este proxecto que se está cociñando, a organización deportiva comezou pola creación dun equipo xuvenil. No pasado verán de 2020 os do Pol lanzaron unha campaña de captación mediante as redes sociais onde anunciaron a intención de formar ese novo conxunto de cara á tempada 20/21. “Comezamos polo equipo xuvenil porque pensamos que sería máis doado, posto que se poderían apuntar tamén cadetes para lograr formar o grupo. Non é nada sinxelo empezar de cero”, comenta o Director Deportivo. Malia a difícil situación pola pandemia a acollida foi espectacular e, tras algunha baixa pola situación sanitaria, o equipo xuvenil conta agora con 24 xogadores. Ao mando de Diego Rey, os

rapaces comezaron a adestrar no mes de setembro, seguindo todas as recomendacións hixiénicas e sanitarias. Non pararon ata que se impuxeron as novas restricións que obrigaron a limitar de novo toda a actividade deportiva que non fora individual. A elección de que fose Rey o encargado de dirixir ao novo conxunto do Pol veu da man de Alberto López, “foi unha aposta persoal”, comenta. “Buscamos un perfil de adestrador novo, que estivera formándose e que tivera ambición. Diego ven de facer dúas tempadas espectaculares no San Lázaro, está moi preparado e ten gañas de medrar coma adestrador”.

Formouse un equipo moi novo, cun gran número de cadetes, “se non fora pola situación actual houberamos intentado crear tamén un conxunto na categoría cadete, pois temos moitos de primeiro ano”, fala Alberto. O grupo foi inscrito na Segunda Autonómica Xuvenil, pero dende o club non se cree que se poida competir nesta tempada “a situación é moi complicada, esperamos poder volver adestrar e xogar algún partido despois de Semana Santa, pero que arrinque a Liga é difícil”. Malia isto, os rapaces teñen moita ilusión por xogar, “sempre pedían adestrar máis, é un equipo con boa técnica individual que deberá curtirse en aspectos tácticos e físicos, pero co adestrador que teñen e as súas gañas, para a vindeira tempada forxarase un equipo competitivo”. Ao club échelle de satisfacción ver que malia a dificultade na que se encontra agora o eido futbolístico o seu primeiro obxectivo do proxecto de canteira tivera tan boa recepción, xa que “ten que significar que estamos a facer as cousas ben”.

UNHA META AMBICIOSA. Non só ese é a meta de cara á temporada que ven, posto que o Pol pretende seguir formando equipos de base. “Para a próxima campaña esperamos poder facer o equipo de cadetes xa que contamos con bastantes rapaces. Tamén sería moi importante para o proxecto deportivo da sociedade, contar cun equipo de fútbol sete posto que se acaba de facer un novo campo con ese fin”, conta Alberto. O plan para os alevíns e infantís pensouse xa de cara á 20/21, contando coa colaboración da ANPA do Colexio Rosalía de Castro de Pol, pero pola emerxencia sanitaria decidiuse pospoñer un ano, para facer as cousas coa maior seguridade e tranquilidade posible. A aposta está clara, “chamar a atención dos deportistas do mu-



Desde arriba, Alberto López, o campo Manuel Luna e os vestiarios dos xuvenís

nicipio e dos concellos limítrofes para que formen parte da SD Pol. Contamos cunhas instalacións de calidade, dous campos de herba natural e un de herba artificial a estrear, é un luxo. Ademais o Concello aporta todo tipo de material e fai que a oferta das actividades sexa de balde”.

OUTROS PROXECTOS. Pero estas aínda non son todas as aspiracións da transformación do deporte en Pol. Para o verán a SD está a organizar un campus que se desenvolverá nos tres campos de fútbol, nas piscinas e no pavillón. Tamén se está fraguando un campus de baloncesto e en canto se poida o Concello inaugurar as pistas de pádel. Dende o club vermello esperase que “todo mellore para que a xente poida gozar de toda a oferta deportiva que se está a lanzar dende Pol”.

Penín suma o terceiro premio Fedme polos logros no Tirol



Luis Penín, escalador de raíces friolesas, fíxose por terceira vez co premio Fedme na categoría de Escalada no xeo e dry tooling. Trátase dunha especialidade que mestura a escalada por xeo e roca e que se practica en zonas nas que as cascadas de xeo non se chegan a formar de todo.

Xunto co seu compañeiro David López competiron contra outras 21 candidaturas para a obtención do galardón outorgado pola Federación Española de Escalada e o Consello Superior de Deportes.

Penín e máis López reciben este premio, por un lado, grazas a superar de novo a Stirb langsam (M11+, W16+, 200m) o pasado mes de febreiro. Esta vía está situada no macizo de Wetterstein, no Tirol austríaco e trátase dunha proba de grande dificultade que para o lucense “foi unha das máis intensas”. Ademais de isto, recoñéceselles así tamén a apertura de Gaia (M12+, W16+, 175m), una vía para profesionais situada á esquerda de Stirb langsam, que realizaron días despois do dito primeiro logro.

Esta é a terceira vez que Penín se fai con este premio, posto que nos anos 2007 e 2008, conseguiu facerse con el tras encadear o No limit (M12+) en Kandersteg (Suiza) e o Game over (M13-) en Dryland (Austria).

Suspendidas as competicións federadas e os adestramentos ata o 17 deste mes pola covid

Dende o 20 de xaneiro quedaron suspendidas en Galicia as competicións de todo o deporte federado. O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, anunciou que decidiron suspender temporalmente as de ámbito autonómico ata que a situación do virus mellore. A suspensión quedou prorrogada ata o 17 de febreiro, tralo Entroido. Non pasou o mesmo coas de carácter nacional, que continuarán a celebrarse.

Por outra banda, o conselleiro indicou para os deportistas novas medidas nos adestramentos, que si estarán permitidos pero con restricións aínda que unha semana máis tarde suspendéronse tamén.

Segundo explica, estes deberán rexerse polas mesmas regras que os deportistas convencionais, con adestramentos individuais ou de grupos dun máximo de catro persoas, e estarán suxeitos tanto ao toque de queda como ás limitacións de mobilidade, alí onde se apliquen. Finalmente optouse por suspender tamén os adestramentos en grupo.

Para os vestiarios de ximnasios, houbo instrucións concretas que se definiron na orde que se publicou no (DOG).

COLABORACIÓN

Balbino cumpriu anos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nada menos que sesenta. Aló na Arxentina viu a luz, país onde tivo que emigrar o autor de *Memorias dun neno labrego*, a obra en lingua galega con máis exemplares vendidos, entorno ós sete centos mil, e traducida a unha ducia de idiomas. Xosé Neira Vilas, quen naceu a carón do río Ulla, na aldea de Gres, concello de Vila de Cruces, en 1928, sendo un mozo, como estaban a facer milleiros de compatriotas, agarrou a maleta e cruzou o At-

lántico. Primeiro en Buenos Aires e posteriormente en Cuba, onde permanecería ata o ano noventa e dous, cando retornou definitivamente ata o seu pasamento, en dous mil quince.

Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. A presentación non pode ser máis elocuente e contundente ó mesmo tempo. Son os anos corenta, a continuación dunha guerra con vencedores e derrotados, época de escaseza, cando non de miseria, onde este neno describe con pesar e desacougo un entorno no que cada un xoga o seu papel e onde semella que nada poda cambiar. Mais el non se rende. Vai á escola, onde un mestre

que veu de Andalucía, ruín el, apréndelles o básico, porque para fozar na terra tampouco se precisan maiores coñecementos. Por suposto, a lingua vehicular non é a que fala a xente, que queda postergada nesa transmisión de coñecementos. Balbino tiña que madrugar antes para axudar nas labores do campo, polo que chegaba canso a unha escola que era grande, pero na que apenas había nenos. E a quen lle imporataba... Pero Balbino, pertencente ó amplo grupo dos pobres, os perdedores e para os que a xustiza nin amparaba nin reparaba, non se resignou a esa situación estandarizada. O seu inconformismo levouno a rebelarse contra o

caciquismo e o abuso de poder ós que se vía sometido, el e os seus, chegando a posturas auténticamente insubmisas.

Neira Vilas soubo mellor que ninguén plamar a realidade do País neses anos. A Galicia Rural pariu a centos, a miles de Balbinos e Balbinas, rapaces e rapazas que viviron uns tempos escuros e de sufrimento. Foron os homes e mulleres que masivamente colleron os bártulos e marcharon alén dos mares na procura dun futuro con diferentes expectativas. Chegaron a destinos algúns próximos en canto a distancia e a outros moito máis lonxe, nos países europeos tales como Suíza, Francia ou Inglaterra, e por supos-

to, como o propio escritor don Xosé, en América.

Os tempos mudaron, vaia se o fixeron. Independentemente de que existan diferenzas económicas e sigan a visualizarse, en maior ou menor medida, algúns dos males que se reflicten en *Memorias dun neno labrego*, o Balbino de hoxe vai á escola, ben vestido e aseado, aprende idiomas, xeografía, coñecemento do medio e prepárase para o día de mañá ser o que el decida ser. Na casa dispón de dun móbil, táblet ou ordenador, ou das tres cousas, e a súa dignidade está intacta, como tamén a da súa familia. O gran problema é que cada vez quedan menos Balbinos e Balbinas.

O retorno de Gregorio

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

En xuño de 1977, en plena campaña para as eleccións xerais, as rúas de Vilalba estaban cheas de propaganda dos partidos políticos que concurrían ao proceso, entre eles Alianza Popular (AP), fundado por Manuel Fraga Iribarne, que fora ministro durante a ditadura e representaba ao franquismo sociolóxico. Lembro que os seus seguidores empapelaran as paredes do vello edificio municipal con cartaces que pedían o voto para o líder da dereita, co chamativo slogan "Fraga conviene". Foron uns comicios de carácter histórico, pois constituíron as primeiras eleccións libres que se celebraban dende a Segunda República, concretamente dende febreiro de 1936. A lista máis votada ao Congreso dos Deputados foi a encabezada por Adolfo Suárez (UCD), con 165 escaños, seguida do PSOE de Felipe González, con 118 representantes. O PCE -con Santiago Carrillo- e AP -con Fraga- non conseguiron acadar as súas expectativas, obtendo 20 e 16 deputados, respectivamente. Os cidadáns identificáronos co pasado, e a sociedade do momento quería "pasar páxina" tras

corenta anos do escurantismo que supuxo a ditadura de Franco. De feito, trece dos dezaseis deputados populares foran ministros nos gabinetes franquistas. Agás o Partido Socialista Popular (PSP) de Enrique Tierno Galván, con seis escaños, o resto do hemicycle quedou integrado por forzas de corte nacionalista e rexionalista. Naquel tempo, Vilalba era parada obrigada para viaxantes e viaxeiros. Un venres pola tarde apareceu pola Casa dos Marios un home alto e de porte elegante, xa entrado en anos. Vestía un traxe gris claro e unha garabata vermella. Achegouse ao mostrador do café-bar e preguntoulle ao Chavito polo dono do ultramarinos da rúa Xardíns, o meu avó Mario Xosé, a quen coñecera na década de 1930. De seguido presentouse: "Chámome Gregorio Sanz García, eu exercía de mestre en Ribadeo e cando pasaba por Vilalba adoitaba parar na súa tenda a mercar queixos, chourizos e outras viandas para agasallar aos meus parentes". O meu pai identificouse como un dos fillos de Mario Xosé e díxolle que este morrera en 1960, magoado polo pasamento da súa dona -que finara o ano anterior- e que a vella tenda xa non existía, que agora era un negocio familiar de maior dimensión.

Gregorio contoulle que se establecera en Ribadeo en 1932,



tras aprobar as oposicións de Maxisterio, encargándose do nivel preparatorio do instituto de ensino medio da localidade mariñán, onde contribuíu a diversas iniciativas culturais e didácticas. Alí fundou a Biblioteca Popular Circulante, impartiu diversas conferencias e interveu en actos políticos na defensa da escola pública. Participou en varios mitins da Fronte Popular na campaña electoral das eleccións de febreiro de 1936. Co golpe de estado do 18 de xullo foi detido en Ribadeo e despois trasladárono ao cárcere de Lugo. Gregorio lembrou os malos momentos daquel anguriente traxecto: "O recibimento que nos fixeron en Vilalba foi espantoso. O de Mondoñedo resultou un xogo de menos comparado co que tivemos que escoitar aquí. Os mesmos berros (Asasinós!! Traidores!! Vendidos a Rusia!! Herexes!!) repetíanse unha e outra vez. Era una afervoadada tur-

ba de energúmenos que ameazaba desafortadamente. Entre eles atopábase o tristemente famoso Barbas -tenente de carabineiros, ao que coñecíamos porque estivera destinado en Ribadeo- que axitaba os brazos e xesticulaba coma un poseso (Ao paredón!! Ao paredón!! E eu o primeiro para mandar a pelotón!!). Unha tolemia multitudinaria".

O mestre Gregorio Sanz foi xulgado en Lugo por auxilio á rebelión e condenado a vinte anos de prisión. Quedou libre en 1941, tras cinco anos de cadea. A inhabilitación para o exercicio público obrigouno a dedicarse ao ensino privado ate 1959, ano no que reingresou no Maxisterio oficial, pasando a exercer en Vigo ate a súa xubilación en xaneiro de 1970. Retirouse logo a Ribadeo, dando nome nesta localidade ao CEIP Gregorio Sanz, nunha emotiva homenaxe que recibiu en 1994, tres anos antes do seu pa-

samento.

Gregorio sufriu o cárcere por defender as reformas da Segunda República, que tiñan como obxectivo mellorar a calidade do sistema educativo e dignificar as tarefas docentes dos mestres: coeducación, ensino laico, proxectos de modernización pedagóxica, creación dos comedores escolares, bibliotecas nos centros e incremento do número de escolas. A Constitución de 1931 proclamaba que España era un país aconfesional e que a escola sería laica, co que se pretendía arrebatara á Igrexa a hexemonía no sistema educativo, limitando así a súa capacidade de influencia social. Como moitos outros profesores, participou activamente na creación e posta en marcha do novo modelo pedagóxico. Lembra o Chavito que, tras unha longa conversa, Gregorio Sanz mercou varios queixos de San Simón e marchou cara a Ribadeo ao caer aquela tarde de final da primavera. E que Fraga gañara as eleccións do 15 de xuño en Vilalba, recibindo o 69,96% dos sufraxios, con 5.270 votos. Mentres o conxunto da sociedade do país demandaba cambios, en Vilalba os veciños decidiron que todo seguira igual. Unha situación que non mudaría ata 2019, coa chegada da socialista Elba Veleiro á alcaldía da capital da Terra Chá.

Enterramos mortos que logo aparecen vivos

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Isto que vou contar podía parecer un conto surrealista se non acontecera nesta Galiza desgobernada por Feixoó, que no seu afán de destruír todos os servizos públicos para pasar ás mans dos seus amigos os negocios máis lucrativos, deixando ao seu coidado as febles vidas dos nosos maiores e facendo unha total derivación de funcións no control da calidade da atención prestada, a pesar de saber que a maioría dos falecidos estaban en residencias privadas, sobre todas de Domus Vi, xestionada por Xosefina Fernández ("Chefi", como seica lle gusta que lle chamen), persoa moi próxima ao PP, á que en 1916 Feixoó impúxolle a Medalla de Ouro do Círculo de Empresarios de Galicia e no 2019 recibiu o premio Galicia Global de mans do conselleiro de Economía, afirmando no Parlamento Galego en novembro de 2020, que se sentía moi orgullosa e que "No nos avergüenza ganar dinero cuidando a los que más lo necesitan" cando xa faleceran máis de 1700 maiores nos seus centros, criticando a case todos os deputados, menos ao seu amigo, o presidente da Xunta; e nas da Fundación San Rosendo, presidida por Benigno Moure, un cura amigo de Fraga e distinguido con unha "Medalla de Castelao", que foi condenado en 2008 a cinco anos de cadea por roubar 600.000 euros a unha muller con demencia, pero que non entrou na cadea a pesar da sentenza xudicial firme, porque o PP opúxose e incluso fixo unha manifestación ao seu favor no ano 2011.

Non é de estrañar que haxa tantas mortes nesas residencias nas que denuncian falta de persoal, tanto médico como de atención aos internados; non existe control nin limpeza e o desleixo destes xestores á hora de mirar polo benestar dos usuarios é tal que nunha residencia da mariña luguesa, ademais da falta de calidade das comidas, pasan fame; fame negra, porque seica non lles chega a comida que lles dan, e nesas residencias estanse a violar os dereitos humanos dos nosos vellos por malos tratos e agresións; anciáns con chagas, amarrados a unha cadeira de rodas ou despidos e tirados no chan, mentres a administración asubía e dálles diñeiro público.

Andan mais vivos estes xestores no tema económico, como se viu

no caso de Benigno, afanando cartos, e Xosefina Fernández (Chefi) tamén sabe que levando unha boa parte dos máis de 619 millóns de euros, que gañou Domus Vi en 2019, a un territorio fiscalmente opaco como a illa de Jersey, aforra os impostos que lle correspondería pagar aquí. Pero Chefi tamén andou moi lista, tanto ela como seu irmán Pedro, para poñer o pasado 8 de xaneiro a primeira dose da vacina e sobre o 28 a segunda, aproveitando as que lle mandara a Xunta para os traballadores e internados da residencia que ten en Vigo. Agora ela e mais seu irmán, que non son traballadores nin internados, están inmunizados, mentres os residentes e o persoal seguen en perigo de contaxio e de morte.

Con dirixentes coma estes amigos de Feixoó, non é de estrañar o que lles ocorreu a Rogelia Blanco, de 85 anos e a Concepción Arias, de

despois apareceu con vida, na residencia de Xove, a presunta morta e enterrada, que se recuperara totalmente da Covid, tal como lle dicían por teléfono ao sobriño asturiano de Concepción. Sen embargo, como di a familia, esta confusión non se houbera aclarado si chegara a morrer tamén Rogelia, xa que lle pasarían o cadáver á familia de Concepción, terían os cadáveres invertidos e santas pascuas.

Está claro que esta pandemia do coronavirus demostrounos que os recortes sanitarios son contrarios á saúde e podemos comprobar a inhumanidade das residencias privadas, que xa moitos presaxiábamos pola súa avaricia, nas que os nosos maiores deixan de ser persoas e pasan a ser simples números cos que engordan as súas contas de resultados.

Son tales as irregularidades que se deron durante a pandemia, que a



90, que resultaron afectadas por un brote de Covid na residencia da Fundación San Rosendo en Xove e foron trasladadas a outra que ten esa Fundación en Pereiro de Aguiar, "mais moderna" ou "con mais experiencia" diría eu, pois xa houbera nela un brote de 112 residentes e 25 profesionais contaxiados, e na que compartiron habitación.

O pasado 13 de xaneiro falece Concepción Arias, pero por un error de identificación da residencia, enviáronlle o corpo nunha caixa fúnebre totalmente pechada á familia de Rogelia Blanco, que non puido identificala debido ao contaxio e oficiou o funeral na intimidade. Mentres tanto, un sobriño de Concepción, que estaba en Asturias, seica seguía chamando diariamente á residencia de Pereiro de Aguiar preguntando por ela e dicíanlle que evolucionaba "moi favorablemente".

A familia de Rogelia chorou a morte con resignación e así quedaba a cousa de non ser que dez días

fiscalía ten abertas 10 causas na Galiza contra outros tantos centros de maiores, a Asociación Galega de Familiares (REDE) denunciou ante a Valedora do Pobo e a Fiscalía á Fundación San Rosendo pola súa xestión durante este tempo e ese Ministerio anuncia novos procedementos, mentres Feixoó sae na defensa dos altos cargos das residencias denunciadas.

Defender con tanto afinco a eses amigos que buscan o xeito de evadir impostos e a quen ten o valor de estafar a unha señora con demencia, non parece unha función normal dun presidente da Xunta. Que non se estrañe logo si máis de un pensa que algo pode volver en forma de comisión para poder acadar eses máis de dous millóns de euros, tan necesarios para gañar as eleccións ao Parlamento Galego. Non serei eu quen o afirme, pero si fora como algunha xente pensa, mira a onde iría parar o noso diñeiro público e en que mans está a saúde e o benestar da nosa xente maior.

a elección de...



Ángeles Buján Burgo Delegada da Alcaldía de Friol

un libro



O smóking de Roger Federer de Felipe Barata

un disco



Nunca el tiempo es perdido de Manolo García

unha película



Figuras ocultas de Theodore Melfi

un personaxe histórico



Charles Darwin

un lugar para visitar



Santiago

unha afección




Xogar co meu fillo

unha comida



O cocido

unha bebida



Auga

Máis eventos en:
www.terrachaxa.com

TAHONA CURRÁS



HORARIO



San Roque

Lunes a viernes
8.00 a 14.30
17.00 a 21.00

Sábados/domingo feira
08.00 a 14.30

982 510 062

Novo Cazón

Lunes a viernes
9.00 a 14.00
15.30 a 20.30

Sábado
09.00 a 14.00

620 417 383

DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

O San Cosme da Montaña

Falar de espiritualidade e romaxes en Galicia é falar de parte fundamental das raíces da nosa cultura popular. Cando pensamos nas romaxes inevitablemente venenos á mente as procesións, os bailes, as velas e os exvotos, as varas de rosquillas, as bendicións; conceptos que se funden nunha simbiose entre relixión e ocio que segue a manterse moi viva no tempo a pesar dos cambios da vida moderna.

O San Cosme da Montaña, coñecido tamén como San Cosme de Galgao, é un dos máis coñecidos santuarios romeiros da Chaira, situado no barrio da Xesta, freguesía de Galgao, Concello de Abadín. As peregrinacións ó San Cosme remontase máis alá dun século, unha romaxe que a día de hoxe segue unindo xeográfica e espiritualmente ás xentes da Chaira e da Mariña, pois a súa situación lindeira xerou un forte sentimento entre ambas comarcas.

As antigas crónicas apuntan que a orixe do santuario e a veneración de San Cosme nesta parroquia se remontan ó século X, aínda que nunha ubicación distinta á que ocupa o actual edificio, concretamente no monte do lugar de Samordás. Algunhas das versións estendidas afirmaban que o edificio primixenio era pequeno e o acceso a el tornábase complicado para os romeiros, pondo a proba a súa resistencia. O seu tamaño tamén impedía que todos os fieis que chegaban ata o lugar puidesen escoitar a misa, feito que supostamente motivaría o párroco a cambiar a

ubicación do santuario a un espazo maior e máis accesible.

A partir deste momento as historias e lendas locais apuntan que o San Cosme comezou a desaparecer da pequena ermida para máis tarde aparecer lo lugar que ocupa o santuario actual, máis fermoso e adecuado para el e os seus fieis, un milagre que convenceu tamén ó pobo do seu traslado por tratarse do “desexo expreso do propio Santo”. Unha vez construída a nova capela e reubicado o santo, parece ser que a imaxe comezou de novo coas súas viaxes, esta vez de retorno á pequena capela orixinal. A xente, preocupada por este novo fenómeno, comezou a pensar que o Santo non se afecía á nova ubicación e que non se debía obrigalo a permanecer nela, máis, finalmente, descubriuse que o novo milagre tiña que ver directamente coa oposición dun dos veciños ó traslado da sede romeira. Outra das hipóteses sobre esta historia afirma que o que ocorreu realmente foi que a a capela e o Santo se reubicaron noutro lugar da parroquia segundo os desexos de varias familias de bo estatus económico coa aprobación e apoio do clero. Parte de verdade ou de lenda, o novo santuario do San Cosme inaugurouse oficialmente o un 25 de setembro de 1925 lo lugar da Xesta.

En canto á estrutura deste santuario, podemos dicir que se trata dunha sinxela construción relixiosa de estilo rural ou popular, unha estética moi común para as igrexas e capelas de moitas



Esmoleiro e vista interior e, á dereita, o San Cosme de Galgao



aldeas galegas. Presenta unha planta de cruz latina dun só corpo ou nave con cruceiro elevado, cun anexo de dous pisos na cabeceira a xeito de sacristía. A cuberta é de lousa, tal e como marca a tradición construtiva da zona, a dúas augas na nave lonxitudinal e transepto, catro no cruceiro e tres para a sacristía. Os paramentos internos e externos, realizados en cachotaría, están caleados, reservando a cantería para os elementos estruturais e decorativos (arcos, piares, ventas, zócalos, portas, pináculos, etc.), así coma para o campanario e as cornixas da fachada principal, na cal se abre unha fermosa porta de arco oxival que se repite, en menor tamaño, nun dos paramentos laterais. No seu interior atopamos diferentes imaxes, San Cosme, a Virxe do Rosario, San Martín, San Antonio de Padua, Santa María Magdale-

na, Santo Domingo de Guzmán, San Damián, etc. No brazo dereito do transepto existe un curioso orificio con tapa a xeito de esmoleiro que nos permite ver directamente as imaxes dos santos médicos, San Cosme e San Damián, a cada lado da Virxe.

A romaría do San Cosme da montaña ten lugar cada 27 de setembro, xornada na que dende ben cedo comezan a chegar os romeiros e devotos para escoitar misa, oñer o santo, andar a procesión, prender as candeas e depositar os exvotos de cera vinculados ás rogativas e peticións ó santo (tamén a San Damián) pola saúde dos enfermos, o bo parto das embarazadas, polo traballo e pola saúde dos animais. Fai xa máis dunha década tamén era tradición celebrar a festividade de S.Damián o 26 de setembro, ritual no que se bendecía o gando e participaba

na procesión.

Como xa se mencionou, o San Cosme da Montaña foi un Santo e unha romaxe moi querida tanto polos chairegos coma polos mariñáns á que acudía centos de devotos de toda clase e incluso de fora destas comarcas. Ata o novelista, poeta e dramaturgo mindoniense Álvaro Cunqueiro mostraba un especial cariño cara Galgao e o San Cosme da Montaña, pois recordaba que fora ofrecido de neno cunha cabeza de cera na man ó San Cosme e ó San Damián, xa que s seus pais estaban preocupados pola súa incapacidade para gañar peso. Esta vinculación faría que Cunqueiro continuase acudindo de adulto, ademais das múltiples referencias dos santos nos seus textos, ós que mesmo lles atribuíu a concesión da súa capacidade para a creación e a fantasía.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05